

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

2º BACH - LINGUA INGLESA - 1º IDIOMA

CURSO 2022 / 2023

IES DAVID BUJÁN

**MATERIA QUE IMPARTE O DEPARTAMENTO:** Lingua Inglesa

**CURSOS E GRUPOS QUE DEPENDEN DO DEPARTAMENTO:**

1º ESO	.....	3 grupos
2º ESO	.....	3 grupos
3º ESO	.....	3 grupos
4º ESO	.....	2 grupos
1º BACH	.....	3 grupos
Afondamento 1º BACH	.....	1 grupo
2º BACH	.....	3 grupos
Desdobres conversación.....		12 horas

**RELACIÓN DO PROFESORADO E DOS NIVEIS QUE IMPARTE**

Felisa Soto	4º ESO (2 grupos) 1º BACH (2 grupos) Conversación 1º ESO (2 grupos) Conversación 2º ESO (3 grupos) Coordinación seccións bilingües 4º ESO
Helen Grela	3º ESO (3 grupos) 2º BACH (1 grupo) Conversación 1º BACH (2 grupos) Coordinación seccións bilingües 3º ESO
Alejandro Gómez	2º ESO (2 grupos)
Rocío Moreno	1º ESO (3 grupos) 2º ESO (1 grupo) Coordinación seccións bilingües 1º e 2º ESO Valores Éticos 2º ESO (1 grupo) Valores Éticos 4º ESO (1 grupo) Educación en Valores Cívicos e Éticos 3º ESO (3 grupos)
Mª Dolores Martínez (Xefa de departamento)	1º BACH (1 grupo) 2º BACH (2 grupos) 1º BACH afondamento (1 grupo) Conversación 3º ESO (2 grupos) Conversación 4º ESO (2 grupos) Conversación 1º BACH (1 grupo)

**A seguinte programación cumpre coas directrices establecidas pola Comisión Coordinadora Pedagóxica do centro.**

## INDICE

1.	INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN.....	5
2.	CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE LINGUA INGLESA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE E CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.....	6
2.1	CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE LINGUA INGLESA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	6
2.1.1	Competencia en comunicación lingüística:.....	6
2.1.2	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:.....	6
2.1.3	Competencia dixital:.....	7
2.1.4	Competencias social e cívicas:.....	7
2.1.5	Conciencia e expresións culturais:.....	7
2.1.6	Competencia para aprender a aprender:.....	7
2.1.7	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.....	8
2.2	CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.....	8
2.2.1	Comunicación lingüística.....	8
2.2.2	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.....	9
2.2.3	Competencia dixital.....	10
2.2.4	Aprender a aprender.....	10
2.2.5	Competencias sociais e cívicas.....	10
2.2.6	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.....	10
2.2.7	Conciencia e expresións culturais.....	10
3.	CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS NO BACHARELATO, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.....	12
3.1	OBXECTIVOS XERAIS NO BACHARELATO.....	12
3.2	CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.....	13
3.3	CONTIDOS SINTÁCTICO-DISCURSIVOS POR IDIOMAS.....	19
4.	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA DE 2º BACH.....	21
	Comprensión de textos orais:.....	21
	Producción de textos orais:.....	21
	Comprensión de textos escritos:.....	21
	Producción de textos escritos:.....	21
	Elementos sintácticos-discursivos.....	21
5.	SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS.....	23
5.1	SECUENCIACIÓN.....	23
5.1.1	REVIEW: FASHION.....	23
5.1.2	UNIT 1: THE MEDIA.....	25
5.1.3	UNIT 2: JUSTICE.....	27
5.1.4	UNIT 3: HEALTH.....	29
5.1.5	UNIT 4: SHOPPING.....	31
5.1.6	UNIT 5: TRAVEL.....	33
5.1.7	UNIT 6: WORK.....	35
5.2	TEMPORALIZACIÓN.....	37
6.	CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	38

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	40
RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO:.....	40
OUTROS MATERIAIS.....	40
LIBROS DE USO PARA O ALUMNADO.....	40
MATERIAL ESCOLAR MÍNIMO REQUERIDO PARA O ALUMNADO.....	40
8. AVALIACIÓN.....	41
8.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	41
8.2 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	41
8.2.1 EXAMES.....	41
8.2.2 CONTROIS.....	42
8.2.3 OUTROS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	42
8.3 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓNS.....	42
8.4 RÚBRICA PROBA ORAL.....	44
8.5 RÚBRICA PROBA ESCRITA.....	44
9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	46
10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	48
11. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS NO CASO DE CAMBIO DE IDIOMA NO BACHARELATO.....	49
12. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.....	50
13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	52
14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	53
EDUCACIÓN PARA A PAZ E A TOLERANCIA.....	54
EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA.....	54
EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE DE AMBOS OS DOUS SEXOS.....	55
EDUCACIÓN PARA O CONSUMO.....	55
EDUCACIÓN PARA Á SAÚDE.....	55
EDUCACIÓN AMBIENTAL.....	56
EDUCACIÓN PARA A MULTICULTURALIDADE.....	57
15. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PROXECTO LECTOR.....	58
16. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN TIC.....	59
17. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN DE CONVIVENCIA.....	60
18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	61
19. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADO ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	62
20. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO E FAMILIAS.....	63
21. AFONDAMENTO.....	64
Obxectivo.....	64
Metodoloxía.....	64
Materiais, textos e recursos didácticos.....	65
Procedementos e instrumentos de avaliación.....	65
Criterios de cualificacións.....	65
22. ANEXO I (SOBRE PRÁCTICAS E DESDOBRES).....	66

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

As linguas son instrumentos vehiculares dos sistemas de valores e expresións culturais e son un factor determinante da identidade dos pobos.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira, a lingua inglesa neste caso, é imprescindible para achegarse ás novas tecnoloxías e a distintos estilos de vida e maneiras de pensar doutras culturas, e converterse nun cidadán competente, creativo e autónomo.

Sendo que estamos a participar de cheo nas relacións internacionais, pretendemos garantir unha formación, en contexto escolar, na lingua inglesa que, adecuándose ao Marco Común de Referencia, permita ao noso alumnado unha mobilidade xeográfica.

O Concello de Cambre está dentro da área de influencia metropolitana da Coruña; conta cunha extensión de 41 Km<sup>2</sup> organizadas en 12 parroquias. É un dos oito municipios galegos que non deixa de ver medrar a súa poboación, que é, en este momento, de 24.191 habitantes agrupados nas 12 parroquias distribuídas en máis de 120 núcleos de poboación chamados aldeas ou lugares. A densidade media da poboación é variable segundo a parroquia. A meirande parte da poboación desprázase á cidade da Coruña para as súas actividades laborais. Existe unha concentración da poboación en dúas parroquias: O Temple e Cambre, englobando entre as dúas o 64% do total. Do resto unicamente Anceis, Cecebre e Sigrás sobre pasan os 1.000 habitantes, concentrando entre as tres case o 19% da poboación do municipio. Coa excepción das parroquias de O Temple e Cambre, que constitúen zonas urbanas, as restantes teñen un marcado carácter rural. Hoxe en día o sector máis importante é o terciario (48,61%), seguido do secundario (43,42) e o primario (8,97%) centrado no minifundismo.

O desenvolvemento do sector industrial é discreto, vese impulsado pola creación do polígono industrial do Espírito Santo, na que predomina o comercio maiorista e os depósitos de grandes fábricas, máis que a pura produción. O sector servicios, o de maiores expectativas, desenvolve actividades como o comercio e a hostalaría que empregan a case o 50% da poboación. Séguelle en importancia o transporte, a educación e a saúde. Un dos servicios máis importantes é o do automóbil.

As características socioeconómicas e culturais do contexto.

Trátase dun alumnado que ven dun ambiente suburbano e rural, podendo establecer os seguintes grupos:

- Familias nas que polo menos dous dos seus constituíntes teñen un traballo fixo.
- Familias con traballo temporais pouco cualificados.
- Familias con graves problemas económicos na que ningún do dous proxenitores están a traballar.
- Familias desestruturadas, onde o alumnado queda a cargo dos avós, ou familias en réxime de acollida.

Contamos con dous CEIP adscritos. No IES estudan uns 400 alumnas/os.

## 2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE LINGUA INGLESA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE E CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

### 2.1 CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE LINGUA INGLESA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A Recomendación 2006/962/EC, do 18 de decembro de 2006, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente recolle que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”

Preténdese que o alumnado adquira unhas determinadas competencias básicas; a adquisición das mesmas levarase a cabo de forma progresiva e de xeito integrador nos distintos cursos da ESO. Os obxectivos e contidos establecidos ao longo das etapas da ESO e do BACHARELATO perseguen asegurar o desenvolvemento destas competencias. Asemade os criterios de avaliación destas etapas constitúen os referentes para valorar o progreso na adquisición das mesmas.

Á marxe do aspecto lingüístico, a aprendizaxe da lingua inglesa favorece a formación noutros ámbitos xa que é un vehículo que axuda á comprensión de distintas situacións e á integración nun mundo que, na actualidade, é multilingüe.

De aí que, dentro das competencias básicas necesarias na aprendizaxe da lingua inglesa, caiba destacar as seguintes:

#### 2.1.1 Competencia en comunicación lingüística:

Esta competencia refírese á habilidade para se expresar tanto de xeito oral como escrito, atendendo a distintos rexistros, situacións e funcións. Tanto a expresión escrita como a oral son vehículos que permiten observar a progresión do alumnado xa que consiste na aplicación práctica dos conceptos de aprendizaxe.

A aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xa que é necesaria a utilización de convencións e a linguaxe apropiada a cada situación, para interpretar diferentes tipos de discursos. A adquisición desta competencia implica a posibilidade de se coñecer e de se comunicar con falantes doutros países, enriquecendo así as relacións sociais.

O uso funcional da lingua estranxeira facilita o acceso a distintas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

#### 2.1.2 Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:

A aplicación dos conceptos e do razoamento matemáticos á vida cotiá resulta imprescindible na sociedade de hoxe en día. O coñecemento sobre números e as súas operacións básicas, símbolos e as formas de expresión e de razoamento matemático axudan a adquisición desta competencia e así, producir e interpretar informacións.

Asemade, adquirir competencias en ciencia e tecnoloxía contribúe a unha interacción responsable co mundo que nos rodea, desenvolvendo criterios éticos, interese pola ciencia e unha actitude responsable fronte á conservación dos recursos naturais e ambientais.

### **2.1.3 Competencia dixital:**

Nun contorno eminentemente tecnolóxico, a lingua inglesa facilita e promove o uso e aplicación das TIC de xeito sinxelo e en ámbitos diversos (e-mails, blogs, chats, vídeo conferencias,...) nunha era na que existe a posibilidade de se comunicar en tempo real con calquera parte do mundo.

A utilización da tecnoloxía acentúa a comprensión lectora, a produción escrita e permite ampliar os coñecementos, sempre que a súa utilización sexa con fins didácticos. Asemade, a utilización de recursos dixitais forma parte do proceso de aprendizaxe.

O feito de que o alumnado poida observar a aplicación da lingua inglesa en contextos tecnolóxicos, tanto na aula coma fóra dela, fai posible que este alumnado experimente o lado práctico dunha lingua (neste caso a lingua inglesa).

### **2.1.4 Competencias social e cívicas:**

As linguas son vehículos de comunicación e transmisión cultural polo que favorecen o respecto e interese polos distintos contornos así como o intercambio de información persoal. Estes feitos están intimamente relacionados co proceso de traballo que se está a seguir dentro da aula, xa que fomenta a participación e o traballo cooperativo en parellas ou grupos. A diversidade na forma de traballar fomenta a participación, a expresión de ideas, o intercambio de puntos de vista, a elaboración de distintas situacións e, en definitiva, a convivencia e é un mecanismo para reforzar a identidade dos interlocutores. A lingua estranxeira se converte nun vehículo inmejorable para favorecer o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e recoñecer outras culturas, os seus comportamentos e o achegamento a culturas anglosaxonas e á realidade multicultural.

### **2.1.5 Conciencia e expresións culturais:**

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar de xeito crítico diferentes manifestacións culturais e artísticas. A aprendizaxe da lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia mediante producións lingüísticas con un certo compoñente cultural. A lingua é un vehículo que facilita tanto a expresión e a comunicación coma a percepción, comprensión e enriquecemento que as diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura proporcionan.

### **2.1.6 Competencia para aprender a aprender:**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira se optimiza se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, identificando as estratexias que a fan máis eficaz, e os métodos que axudan a melloralala.. Todo isto comporta a conciencia de capacidades necesarias, tales como a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a propia motivación que o logro da aprendizaxe conleva.

### 2.1.7 Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

O currículo da lingua inglesa en todos os niveis fomenta o traballo cooperativo na aula, o manexo de recursos persoais pondo en marcha certos procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas. Nun ambiente social como é a aula, incentívase o aprender dos compañeiros, dos erros propios e alleos e da variedade que ofrece o contorno. Propíciase a toma de iniciativas e a elaboración, planificación e xestión do traballo.

Ademais destas competencias que consideramos intrinsecamente relacionadas coa a aprendizaxe da lingua, cremos que, de xeito “tanxencial” a “competencia matemática” e o “coñecemento e a interacción co mundo físico” xogan un papel preponderante xa que o alumnado se ten que enfrentar a aspectos matemáticos, físicos que xorden en distintos textos e que están interrelacionados; non é posible falar de historia ou evolución sen facer referencia a séculos, anos, porcentaxes, ...

## 2.2 CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

### 2.2.1 Comunicación lingüística

- Comprende a idea principal e información específica en mensaxes orais, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, transaccións e xestións cotiás do ámbito persoal, público, académico e profesional.
- Comprende os puntos principais e detalles relevantes de conversas formais e informais.
- Identifica as ideas principais e información relevante de presentacións, charlas, exposicións ou noticias.
- Distingue trazos sonoros, acento, ritmo e entoación en contextos variados e identifica a súa intención comunicativa.
- Utiliza estratexias para comprender a idea global ou inferir significados non explícitos nun texto oral.
- Utiliza recursos lingüísticos como a paráfrase ou a explicación para entender e facerse entender.
- Utiliza a lingua estranxeira nas actividades da aula.
- Realiza presentacións orais, ben estruturadas e responde a preguntas que se lle poidan formular sobre as súas presentacións.
- Desenvólvese en transaccións e xestións cotiás de forma correcta.
- Participa en intercambios comunicativos en contextos habituais, e en conversacións sobre temas variados con fluidez e precisión.
- Exprésase correctamente en conversas nas que participa, utilizando estruturas axeitadas e unha pronuncia clara e comprensible.
- Ten conciencia das convencións sociais, dos valores e aspectos culturais e da versatilidade da linguaxe en función do contexto e da intención comunicativa.



- Identifica a información relevante de instrucións, indicacións ou normas.
- Comprende o sentido xeral e detalles específicos de textos en diferentes soportes.
- Comprende información relevante en correspondencia de carácter formal e informal en diferentes soportes.
- Localiza información específica esencial en material de referencia e estudo.
- Busca, recompila e procesa información para comprender, compoñer e utilizar distintos tipos de texto, con intencións comunicativas ou creativas diversas.
- Entende as ideas principais de textos xornalísticos, literarios ou de ficción en diferentes soportes.
- Infire significados a partir do contexto.
- Valora a lectura como fonte de pracer e de coñecemento.
- Utiliza estratexias de planificación, contextualización, revisión e versión final para compoñer textos.
- Completa formularios, cuestionarios ou impresos con información persoal, en diferentes soportes.
- Escribe notas, mensaxes, anuncios, posts e correspondencia formal e informal con información relevante e opinións persoais.
- Escribe textos de certa complexidade utilizando un léxico adecuado, convencións ortográficas, de puntuación e formato correctos e ben estruturados, en diferentes soportes.
- Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, e establece relacións entre eles e os da seu propia cultura.
- Comprende e utiliza os recursos lingüísticos propios do seu nivel
- Domina as estruturas morfo-sintácticas e discursivas necesarias para comprender e expresarse.
- Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado.

### **2.2.2 Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

- Ordena e clasifica datos atendendo a un criterio.
- Interpreta e representa datos estatísticos en gráficas e táboas.
- Resolve crebacabezas, encrucillados e adiviñas.
- Amosa respecto polo contorno natural e animal.
- Valora e practica os hábitos de vida saudable.
- Demostra espírito crítico na observación da realidade e na análise das mensaxes informativas e publicitarias.
- Identifica os problemas ambientais máis relevantes e relaciónaos coas causas e cos seus posibles efectos.

- Aplica estratexias propias do método de investigación científica.

### 2.2.3 Competencia dixital

- Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.
- Obtén información en Internet para a resolución de tarefas en inglés.
- Realiza presentacións e proxectos en inglés utilizando diferentes soportes e ferramentas dixitais.
- Estuda e practica o inglés en soporte dixital.
- Utiliza as TIC para establecer relacións sociais de xeito responsable.

### 2.2.4 Aprender a aprender

- Identifica, planifica e aplica os seus obxectivos na realización de actividades, tarefas e proxectos.
- Utiliza ferramentas e recursos para resolver dúbidas, ampliar o seu coñecemento e corrixir erros.
- Amosa interese por realizar avaliacións para valorar o seu propio progreso e identificar os puntos de mellora.
- Identifica e aplica diferentes estratexias para progresar na aprendizaxe de forma autónoma.

### 2.2.5 Competencias sociais e cívicas

- Participa en actividades por parella e grupais con respecto e interese.
- Interactúa con educación e atención valorando e respectando a opinión, gusto e preferencias dos seus compañeiros.
- Valora e practica o uso do inglés para relacionarse con outras persoas e coñecer outras culturas.
- Interésase por e respecta os costumes, normas e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.

### 2.2.6 Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

- Aplica as estratexias necesarias para realizar as súas tarefas de forma autónoma.
- Amosa unha actitude proactiva e positiva na lectura de textos de forma autónoma.
- Planifica, organiza e revisa os seus traballos para unha correcta presentación.
- Toma conciencia das consecuencias das súas decisións.

### 2.2.7 Conciencia e expresións culturais

- Utiliza elementos e técnicas artísticas na elaboración e presentación dos seus proxectos e exposicións.
- Identifica aspectos culturais dos países anglosaxóns e compáraos cos seus mostrando respecto e interese.

- Identifica diferentes formas de expresión cultural e mostra interese por ampliar o seu coñecemento.
- Amona interese por propiciar intercambios comunicativos reais con falantes da lingua estranxeira.

IES David Buján

### 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS NO BACHARELATO, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

#### 3.1 OBXECTIVOS XERAIS NO BACHARELATO

O modelo de sociedade do século XXI precisa cidadáns dun mundo progresivamente máis internacional, multicultural e multilingüe ó tempo que tecnolóxicamente máis avanzado. O noso país atópase comprometido como membro da Unión Europea no fomento e coñecemento doutras linguas comunitarias, tal como se recolle nun dos obxectivos da *Estratexia de Lisboa*. Pola súa parte, o *Consello de Europa no Marco de Referencia Común Europeo* para a aprendizaxe de linguas estranxeiras, establece directrices tanto para a aprendizaxe de linguas coma para a valoración da competencia nas diferentes linguas dun falante. Estas pautas foron un referente clave para a elaboración do currículo da área.

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- Exercer a cidadanía democrática, dende unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cam-

bio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

- Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

### 3.2 CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

(En negriña indícanse os estándares de aprendizaxe mínimos)

Primeira Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (En negriña indícanse os estándares de aprendizaxe mínimos)	Competencias clave
<b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b>				
b c f	<p>B1.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.</p> <p>Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva, detallada, etc.).</p> <p>Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.</p> <p>Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. B1.2. Recoñecemento dos marcadores conversacionais máis habituais: verificados, expresivos, apelativos e fáticos.</p>	<p>B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral; a información esencial; os puntos principais; os detalles relevantes; información, ideas e opinións tanto implícitas como explícitas do texto, formuladas de maneira clara; e matices como a ironía ou o humor, ou o uso poético ou estético da lingua cando a imaxe facilita a comprensión.</p> <p>B1.3. Distinguir e aplicar á comprensión do texto oral as funcións e os significados específicos xeralmente asociados a diversas estruturas sintácticas de uso común segundo o contexto de comunicación (por exemplo, estrutura interrogativa para expresar admiración).</p> <p>B1.4. Comprender o esencial de conversas ou debates sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, desenvolvidos nunha linguaxe sen usos idiomáticos, e extraer información específica relevante aínda que non se comprenda a totalidade dos textos.</p> <p>B1.5. Recoñecer os significados e intencións comunicativas expresadas de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, así como algunhas de carácter implícito (incluíndo a ironía e o humor), cando a articulación é clara.</p> <p>B1.6. Identificar as ideas principais, información detallada e implicacións xerais de</p>	<p>PLEB1.1. <b>Comprende instrucións, anuncios, declaracións e mensaxes detalladas, dados cara a cara ou por outros medios, sobre temas concretos, en linguaxe estándar e a velocidade normal</b> (por exemplo, declaracións ou mensaxes institucionais).</p>	CCL CAA CSC CCEC CD
			<p>PLEB1.2. <b>Identifica as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais de conversas e debates relativamente extensos e animados entre varias persoas interlocutoras</b> que teñen lugar na súa presenza, sobre temas xerais, de actualidade ou do seu interese, sempre que o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua.</p>	CCL CCA CSC CCEC
			<p>PLEB1.3. <b>Comprende, en debates e conversas informais sobre temas habituais ou do seu interese, a postura ou punto de vista das persoas interlocutoras, así como algúns sentidos implícitos e matices como a ironía ou o humor.</b></p>	CCL CAA CSC CCEC
			<p>PLEB1.4. <b>Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións</b> sobre temas da súa especialidade e relativos a liñas de actuación e outros procedementos abstractos, sempre que poida confirmar o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre os aspectos ambiguos.</p>	CCL CCA CSC CCEC
			<p>PLEB1.5. <b>Comprende a liña argumental, as ide-</b></p>	CCL

Primeira Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (En negra se indican os estándares de aprendizaxe mínimos)	Competencias clave
		<p>textos de certa lonxitude, ben organizados acústicos sexan boas e se poidan confirmar certos detalles.</p> <p>B1.7. Comprender as ideas principais e as específicas máis relevantes de textos gravados ou audiovisuais emitidos en lingua estándar, con claridade na fala, e sen condicións externas que dificulten a comprensión.</p>	<p><b>as principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais en presentacións, conferencias</b> ou seminarios de certa extensión e complexidade sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, tanto concretos como abstractos, sempre que haxa marcadores que estruturen o discurso e guíen a comprensión.</p> <p>PLEB1.6. <b>Comprende o contido da información da maioría do material gravado ou retransmitido nos medios de comunicación</b>, relativo a temas de interese persoal, identificando o estado de ánimo, o ton e mesmo o humor do falante, sempre que o discurso estea articulado con claridade, nunha variedade de lingua estándar e a velocidade normal.</p>	<p>CCA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
<b>Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción</b>				
<b>a b c f</b>	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p style="text-align: center;">Planificación:</p> <p>Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</p> <p>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso, e escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p>Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p style="text-align: center;">Execución:</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Aproveitamento dos coñecementos previos sacándolle o maior partido (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).</p> <p>Cooperación na interacción con outras persoas, verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.</p> <p>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou paralingüísticos:</p> <p style="text-align: center;">Lingüísticos:</p> <p>Modificación de palabras de significado</p>	<p>B2.1. Coñecer, seleccionar con coidado e saber aplicar eficazmente e con certa naturalidade as estratexias adecuadas para producir textos orais de diversos tipos e de certa lonxitude, planificando o discurso segundo o propósito, a situación, os interlocutores e a canle de comunicación; recorrendo á paráfrase ou a circunloquios cando non se atopa a expresión precisa, e identificando e corrixindo os erros que poidan provocar unha interrupción da comunicación.</p> <p>B2.2. Construír textos claros e co detalle suficiente, ben organizados e adecuados ao interlocutor e ao propósito comunicativo, sobre temas diversos, xerais e máis específicos dentro do propio campo de especialidade ou de interese, e defender un punto de vista sobre temas xerais ou relacionados coa propia especialidade, indicando os proles e os contras das opcións, así como tomar parte activa en conversas formais ou informais de certa lonxitude, desenvolvéndose cun grao de corrección e fluidez que permita manter a comunicación.</p> <p>B2.3. Utilizar correctamente, sen erros que conduzan a malentendidos, as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de coherencia e de cohesión de uso común e máis específico, seleccionándoos en función do propósito comunicativo no contexto concreto (por exemplo, o uso da voz pasiva en presentacións de carácter educativo, ou de frases de relativo para facer unha descrición detallada).</p> <p>B2.4. Ler en voz alta con énfase expresiva de xeito que poidan recoñecerse as ideas clave, utilizando o ritmo e as pausas para facer a lectura comunicativa, engadindo algún comentario persoal ao texto (aclaración de palabras, algún novo exemplo, unha alusión a experiencias compartidas, etc.) e corrixíndose con naturalidade no caso dalgunha equivocación.</p> <p>B2.5. Planificar e articular o texto oral segundo a función ou as funcións comuni-</p>	<p>PLEB2.1. <b>Diferencia adecuadamente a produción do texto oral espontáneo</b> (sintaxe limitada, estratexias de compensación, negociación do significado co interlocutor, etc.) <b>do planificado</b>, e considera as características que este comparte coa lingua escrita (planificación, redundancia informativa, elementos de cohesión, etc.).</p> <p>PLEB2.2. <b>Fai presentacións de certa duración sobre temas do seu interese</b> educativo ou relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento dun experimento científico, ou unha análise de aspectos históricos, sociais ou económicos), <b>cunha estrutura clara que axuda os oíntes a fixérense nos aspectos máis importantes</b>, e demostrando seguridade á hora de contestar preguntas do auditorio formuladas con claridade e a velocidade normal.</p> <p>PLEB2.3. <b>Participa con soltura en conversas informais cara a cara</b> ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, <b>nas que describe con detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións</b>, e responde adecuadamente aos sentimentos que expresan os seus interlocutores; <b>describe con detalle experiencias persoais e as súas reaccións ante elas; expresa con convicción crezas, acordos e desacordos, e explica e xustifica</b> de maneira persuasiva <b>as súas opinións e proxectos</b>.</p> <p>PLEB 2.4. <b>Toma parte adecuadamente en conversas formais, entrevistas</b>, reunións e debates de carácter educativo ou ocupacional, achegando e pedindo información relevante e detallada sobre aspectos concretos e abstractos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos; explicando os motivos dun problema complexo e pedindo e dando instrucións ou suxestións para resolvelo; desenvolvendo argumentos de forma comprensible e convincente e comentando as contribucións dos interlocutores; opinando e facendo propostas xustificadas sobre futuras actuacións.</p> <p>PLEB2.5. <b>Participa na interacción</b> verificando a comprensión propia e das demais persoas, e <b>cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, cun bo grao de fluidez e claridade, malia algúns erros esporádicos</b>.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>

Primeira Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (En negra se indican os estándares de aprendizaxe mínimos)	Competencias clave
	parecido. Definición ou paráfrase dun termo ou dunha expresión. Produción de autocorrección, falsos comezos, repeticións e circunloquios. Paralingüísticos. Petición de axuda ou clarificación. Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado. Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, e proxémica). Uso de sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais. Uso dos elementos prosódicos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle á persoa destinataria ou ónte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas. B2.2. Rutinas ou modelos de interacción segundo o tipo de situación de comunicación en contextos informais e formais máis habituais.	cativas principais e secundarias en cada caso, seleccionando os expoñentes das devanditas funcións segundo os seus matices de significación, e os patróns discursivos dos que se dispón para presentar e organizar a información, deixando claro o que se considera importante (por exemplo, mediante estruturas enfáticas), ou os contrastes ou as digresións con respecto ao tema principal. B2.6. Expresarse con relativa facilidade e naturalidade, e cun grao de fluidez que permita desenvolver o discurso sen moita axuda do interlocutor, aínda que poidan darse algúns problemas de formulación que retarden algo o discurso ou que requiran expor de maneira distinta o que se quere dicir. B2.7. Xestionar a interacción de maneira eficaz en situacións habituais, respectando e tomando a quenda de palabra con amabilidade e cando se desexa, e axutando a propia contribución á dos interlocutores, percibindo as súas reaccións, e defenderse en situacións menos rutinieras, e mesmo difíciles (por exemplo, cando a persoa interlocutora acapara a quenda de palabra, ou cando a súa contribución é escasa e hai que encher as lagoas comunicativas ou animala a participar).	PLEB2.6. <b>Realiza unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade</b> , formulando preguntas complementarias ou respondendo a elas, <b>reaccionando ante unha resposta que non entenda, e interactuando para pedir repeticións e confirmar a comprensión mutua</b> .	CCL CAA CSC CCEC
<b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</b>				
a b c f m n	B3.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema a partir da información superficial e paratextual: proveniencia do texto, imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións). Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais. Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.	B3.1. Uso de diferentes estratexias de lectura como a identificación da intención comunicativa, a anticipación da información a partir dos elementos textuais e non textuais, o uso do contexto, a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados e a organización da información e o tipo de texto. B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles relevantes; información, ideas e opinións tanto implícitas como explícitas do texto, se están claramente sinalizadas; e matices como a ironía ou o humor, ou o uso poético ou estético da lingua, formulados de xeito claro. B3.3. Seguir instrucións de certa complexidade e extensión tanto do ámbito público como do propio da especialidade, aínda que sexa necesario apoiarse para a comprensión en soportes visuais como debuxos, bosquejos e outros. B3.4. Identificar as ideas principais, información detallada e implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e lingüisticamente complexos, nunha variedade de lingua estándar e que traten de temas tanto concretos como abstractos, mesmo se son de carácter técnico, cando estean dentro do propio campo de especialización ou de interese, nos ámbi-	PLEB3.1. <b>Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario</b> sobre asuntos do seu interese persoal (por exemplo, carteis, folletos, pancartas ou graffiti), <b>educativo</b> (por exemplo, carteis científicos) ou <b>profesional</b> (por exemplo, boletíns informativos ou documentos oficiais). PLEB3.2. <b>Comprende a información, a intención e as implicacións de notas e correspondencia persoal</b> en calquera soporte, incluídos foros e blogs, <b>nos que se transmiten e se xustifican de xeito detallado información, ideas e opinións sobre temas concretos e abstractos</b> de carácter persoal e dentro da súa área de interese. PLEB3.3. <b>Comprende instrucións extensas e complexas</b> dentro da súa área de interese ou a súa especialidade, <b>incluíndo detalles sobre condicións e advertencias</b> , sempre que poida volver ler as seccións difíciles (por exemplo, sobre instrumentos de medición ou de procedementos científicos). PLEB3.4. <b>Comprende os detalles relevantes e as implicacións de correspondencia formal</b> de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos, sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e educativo, dentro da súa área de interese ou a súa especialidade. PLEB3.5. <b>Entende, en textos de referencia e consulta</b> , en soporte tanto impreso como dixital,	CCL CAA CSC CCEC CCL CAA CSC CCEC CD CCL CAA CSC CCEC CCL CAA CSC CCEC CCL



Primeira Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (En negra se indican os estándares de aprendizaxe mínimos)	Competencias clave
		<p>tos persoal, público, educativo e laboral ou profesional, sempre que se poidan ler as seccións difíciles.</p> <p>B3.5. Recoñecer globalmente e con detalle a liña argumental no tratamento do asunto presentado en xornais, revistas, guías, páxinas web e novelas, e distinguir entre información, opinión e persuasión, así como comprender en textos literarios as relacións entre os personaxes e os motivos que os impulsan a actuar.</p> <p>B3.6. Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos e relacionados cos propios intereses e as necesidades nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral ou profesional, ben estruturados, en rexistro estándar da lingua e escritos sen modismos pouco frecuentes.</p>	<p><b>información detallada</b> sobre temas da súa especialidade nos ámbitos educativo ou ocupacional, <b>así como información concreta relacionada con cuestións prácticas en textos informativos oficiais, institucionais ou corporativos.</b></p> <p>PLEB3.6. <b>Comprende a información, as ideas e as opinións implícitas en noticias e artigos xornalísticos e de opinión ben estruturados e de certa lonxitude</b> que tratan dunha variedade de temas de actualidade ou máis especializados, tanto concretos como abstractos, dentro da súa área de interese, <b>e localiza con facilidade detalles relevantes neses textos.</b></p> <p>PLEB3.7. Comprende os aspectos principais, detalles relevantes, algunhas ideas implícitas e o uso poético da lingua en textos literarios que presenten unha estrutura accesible e unha linguaxe non moi idiomática, e nos que o desenvolvemento do tema ou da historia, os personaxes centrais e as súas relacións, ou o motivo poético, estean claramente sinalizados con marcadores lingüísticos doadamente recoñecibles.</p>	<p>CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>
<b>Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción</b>				
<b>a b c f</b>	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <p style="text-align: center;">Planificación:</p> <p>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.)</p> <p>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.)</p> <p style="text-align: center;">Execución:</p> <p>Elaboración dun borrador.</p> <p>Estructuración do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>Discriminación das propiedades textuais de coherencia, cohesión e adecuación.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.</p> <p>Aproveitamento dos coñecementos previos sacándolles o maior partido (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).</p> <p style="text-align: center;">Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, erros e repeticións.</p>	<p>B4.1. Utilizar estratexias que faciliten un estilo de escritura sinxelo e fluído, evitando o uso de palabras ou estruturas das que non se estea seguro e seguindo adecuadamente o proceso de escritura: planificación do texto, selección das ideas pertinentes ao propósito comunicativo, presentación das ideas segundo o tipo de texto, organización adecuada en parágrafos, e revisión da coherencia, a cohesión, a ortografía, a puntuación e as concordancias.</p> <p>B4.2. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos ben estruturados e de certa lonxitude; por exemplo, integrando de maneira apropiada información relevante procedente de fontes diversas, ou reaxustando o rexistro ou o estilo (incluíndo léxico, estruturas sintácticas e patróns discursivos) para adaptar o texto ao destinatario e ao contexto específicos.</p> <p>B4.3. Escribir, en calquera soporte, textos ben estruturados sobre unha ampla serie de temas relacionados cos propios intereses ou a especialidade, facendo descrições claras e detalladas; sintetizando información e argumentos extraídos de diversas fontes e organizándoos de maneira lóxica; e defendendo un punto de vista sobre temas xerais, ou máis específico, indicando os proles e os contras das opcións, utilizando para iso os elementos lingüísticos adecuados para dotar o texto de cohesión e coherencia, e manexando un léxico adaptado ao contexto e ao propósito comunicativo que se persegue.</p> <p>B4.4. Planificar e articular o texto escrito segundo a función ou as funcións comu-</p>	<p>PLEB4.1. <b>Escrebe informes en formato convencional e de estrutura clara</b> relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento e as conclusións dun experimento, sobre un intercambio lingüístico, unhas prácticas ou un traballo de investigación), ou menos habituais (por exemplo, un problema xurdido durante unha estada no estranxeiro), <b>desenvolvendo un argumento, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto, explicando as vantaxes e as desvantaxes de varias opcións, e achegando conclusións xustificadas.</b></p> <p>PLEB4.2. <b>Describe un tema, un texto, un suceso ou un evento dando unha idea xeral que permita recoñecelo con claridade, explicando as súas partes ou circunstancias, e ofrecendo unha opinión persoal argumentada.</b></p> <p>PLEB4.3. <b>Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral</b> (por exemplo, para matricularse nunha universidade, solicitar un traballo, abrir unha conta bancaria ou tramitar un visado).</p> <p>PLEB4.4. <b>Escrebe, en calquera soporte ou formato, un currículo detallado, xunto cunha carta de motivación</b> (por exemplo, para ingresar nunha universidade estranxeira, ou presentarse como candidato/a a un posto de traballo).</p> <p>PLEB4.5. <b>Toma notas co suficiente detalle durante unha conferencia, unha charla</b> ou un seminario, <b>e elabora un resumo con información relevante e as conclusións adecuadas</b>, sempre que o tema estea relacionado coa súa especialidade.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>



Primeira Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (En negra se indican os estándares de aprendizaxe mínimos)	Competencias clave
	<p>Verificación da progresión e da coherencia.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Reescritura definitiva.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra adecuado, uso normativo de maiúsculas e minúsculas, etc.).</p>	<p>nicativas principais e secundarias en cada caso, seleccionando os expoñentes das devanditas funcións segundo os seus matices de significación, e os patróns discursivos dos que se dispón para presentar e organizar a información, deixando claro o que se considera importante (por exemplo, mediante estruturas enfáticas), ou os contrastes ou as digresións con respecto ao tema principal.</p> <p>B4.5. Elaborar resumos e notas recapitulativas, con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal.</p> <p>B4.6. Presentar os textos escritos de maneira coidadosa (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.</p>	<p>de e o discurso estea ben estruturado.</p> <p>PLEB4.6. <b>Escrebe notas, anuncios, mensaxes e comentarios</b>, en calquera soporte, <b>nos que transmite e solicita información detallada, explicacións, reaccións e opinións sobre temas persoais, educativo ou ocupacionais, respectando as convencións e as normas de cortésia.</b></p> <p>PLEB4.7. <b>Escrebe correspondencia persoal</b>, en calquera soporte, e comunícase con seguridade en foros e blogs, <b>transmitindo emoción, resaltando a importancia persoal de feitos e experiencias, e comentando de maneira persoal e detallada as noticias e os puntos de vista das persoas ás que se dirixe.</b></p> <p>PLEB4.8. <b>Escrebe</b>, en calquera soporte, <b>cartas formais</b> de carácter educativo ou profesional dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, <b>nas que dá e solicita información, describe a súa traxectoria educativa ou profesional e as súas competencias, e explica e xustifica co suficiente detalle os motivos das súas accións e dos seus plans</b> (por exemplo, carta de motivación para matricularse nunha universidade estranxeira, ou para solicitar un posto de traballo), <b>respectando as convencións formais e de cortésia propias deste tipo de textos.</b></p>	<p>CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
<b>Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural</b>				
a b c f p	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación:</p> <p>Discriminación e uso dos trazos fonéticos que distinguen fonemas (trazos distintivos como sonoridade, nasalidade e apertura de vogais).</p> <p>Recoñecemento e produción de unidades maiores do nivel fónico (secuencia acentual das palabras).</p> <p>Recoñecemento e uso comprensible dos elementos prosódicos (acento, ritmo e entoación das oracións).</p> <p>Recoñecemento de palabras e frases de uso coloquial común emitidas con procedementos básicos da redución fonética.</p> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>Convencións sociais.</p> <p>Recoñecemento das normas e as variacións sociais, as convencións sociais e as formas, normas de cortésia e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; características básicas do sentido do humor; usos lingüísticos adecuados ao contexto; referencias relativas á identidade nacional ou cultural; linguaxe non verbal e diferenzas específicas entre a propia cultura e a cultura portada pola lingua obxecto de estudo.</p>	<p>B5.1. Discriminar e reproducir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, axustándose debidamente a algunha variedade estándar da lingua, e selecciónalos en función das propias intencións comunicativas, incluíndo a expresión sinxela da ironía e do humor.</p> <p>B5.2. Axustarse con consistencia aos patróns ortográficos, de puntuación e de formato de uso común, e algúns de carácter máis específico.</p> <p>B5.3. Distinguir a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias do texto, como implicacións facilmente discernibles, e apreciar as diferenzas de significación de distintos expoñentes destas, así como distinguir os significados e os propósitos xerais asociados ao uso de patróns discursivos típicos polo que respecta á presentación e á organización da información (entre outros, o reforzo ou a recuperación do tema; a topicalización, como por exemplo en "Diso non quero falar"; contraste, digresión ou recapitulación).</p> <p>B5.4. Integrar na propia competencia intercultural, para producir textos orais e escritos ben axustados ao contexto específico, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis relevantes da lingua e culturas meta relativos a costumes, usos, actitudes, valores e crenzas, e superar as diferenzas con respecto ás linguas e cul-</p>	<p>PLEB5.1. <b>Comprende e faise comprender con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais</b>, con matices como a ironía e o humor, sempre que as persoas interlocutoras pronuncien con claridade e eviten un uso moi idiomático.</p> <p>PLEB5.2. <b>Relaciónase oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista</b> sobre temas tanto abstractos como concretos; <b>ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación.</b></p> <p>PLEB5.3. <b>Intervén oralmente con distintos propósitos comunicativos</b>, con eficacia intercultural.</p> <p>PLEB 5.4. <b>Entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións</b> que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, <b>así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou estudos</b> (por exemplo, para recibir asistencia sanitaria como turista ou como residente, cambiar unha reserva de hotel, anular billetes ou cambiar un artigo defectuoso), sempre que poida pedir confirmación.</p> <p>PLEB5.5. <b>Desenvólvese con seguridade en tran-</b></p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL</p>

Primeira Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (En negra se indican os estándares de aprendizaxe mínimos)	Competencias clave
	<p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <p>Consciencia das habilidades metalingüísticas adquiridas durante as aprendizaxes lingüísticas, e transferencia destes coñecementos e estratexias dunha lingua a outra para avanzar no seu dominio.</p> <p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p>Xestión de relacións sociais no ámbito persoal, público, educativo e profesional.</p> <p>Descrición e apreciación de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, actividades, procedementos e procesos.</p> <p>Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, a medio e a longo prazo.</p> <p>Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.</p> <p>Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxeción.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.</p> <p>Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico:</p> <p>Recoñecemento e uso de léxico oral e escrito común e máis especializado dentro das propias áreas de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos, tempo e espazo, estados, eventos e acontecementos, actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, educativas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; cien-</p>	<p>turas propias, e os estereotipos, demostrando confianza no uso de diferentes rexistros ou outros mecanismos de adaptación contextual, e evitando erros serios de formulación ou presentación textual que poidan conducir a malentendidos ou situacións potencialmente conflituivas.</p> <p>B5.5. Coñecer e saber seleccionar e utilizar léxico oral e escrito común e expresións e modismos de uso habitual, e máis especializado segundo os propios intereses e as necesidades no ámbito persoal, público, educativo e laboral ou profesional, así como un reducido repertorio de palabras e expresións, e as connotacións máis discernibles, que permita un uso humorístico, poético ou estético sinxelo do idioma.</p> <p>B5.6. Coñecer coa profundidade debida e aplicar eficazmente á comprensión do texto os coñecementos sociolingüísticos relativos á estruturación social, ás relacións interpersoais en diversos contextos (desde informal ata institucional) e as convencións sociais (incluíndo crenzas e estereotipos) predominantes nas culturas en que se utiliza a lingua meta, así como os coñecementos culturais máis relevantes (por exemplo, históricos, xeográficos, literarios ou artísticos), que permitan captar as alusións máis directas sobre estes aspectos que poida conter o texto.</p> <p>B5.7. Resumir ou parafrasear un texto para facelo intelixible a quen necesite desta mediación por descoñecemento ou coñecemento insuficiente da lingua meta.</p> <p>B5.8. Utilizar o coñecemento sociocultural sobre o modo de vida da comunidade que é obxecto de estudo e as diferenzas esenciais entre as prácticas, os valores e as crenzas desa comunidade e as propias, para facer un texto comprensible a unha persoa interlocutora que descoñece a lingua estranxeira, e resolver posibles malentendidos e conflitos interculturais.</p> <p>B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p><b>saccións e xestións cotiás</b> e menos habituais, <b>cara a cara</b>, por teléfono ou por outros medios técnicos, <b>solicitando información detallada, ofrecendo explicacións claras e detalladas, e desenvolvendo a súa argumentación de xeito satisfactorio na resolución dos problemas que xurdan.</b></p> <p>PLEB5.6. <b>Exprésase oralmente e por escrito</b>, en diferentes soportes, <b>con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo</b>, e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual.</p> <p>PLEB5.7. <b>Comprende textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo (aínda que non os comparta) os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista e posturas concretas e actitudes que responden a crenzas, costumes e valores propios da cultura da lingua meta.</b></p> <p>PLEB5.8. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.</p> <p>PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>

Primeira Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (En negraíña indícanse os estándares de aprendizaxe mínimos)	Competencias clave
	<p>cia e tecnoloxía; historia e cultura.</p> <p>Recoñecemento e uso de expresións fixas frecuentes (locucións idiomáticas, esquemas fraseolóxicos, colocacións, frases feitas e léxico propio de temas relativos a feitos de actualidade).</p> <p>Recoñecemento e uso de antónimos, sinónimos e de procedementos de formación de palabras mediante recursos de derivación e de composición, e recoñecemento de "falsos amigos".</p> <p>B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>			

### 3.3 CONTIDOS SINTÁCTICO-DISCURSIVOS POR IDIOMAS

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*neither...nor*); disxunción (*either...or*); oposición/concesión (*only* (*it didn't work*); *despite/in spite of + NP/VP/sentence*); causa *because* (*of*); *due to*; *as*; *since*); finalidade (*so as to*); comparación (*as/not so Adj. as*; *far less tiresome/much more convenient* (*than*); *the best by far*); resultado/correlación(*such...that*); condición (*if*; *unless*; *in case*; *supposing*); estilo indirecto (*reported information, offers, suggestions, promises, commands, wishes, warnings*); voz pasiva.
- Relacións temporais (*(just) as*; *while*; *once* (*we have finished*)).
- Afirmación (*emphatic affirmative sentences / the dummy do*, e. g. *I do love classic music*; tags, e. g. *I should have*).
- Exclamación (*What + noun + sentence*), e. g. *What a nuisance* (*he is*)!; *How + Adv. + Adj.*, e. g. *How very extraordinary!*; *exclamatory sentences and phrases*, e. g. *Gosh, it is freezing!*).
- Negación (e. g. *Nope*; *Never ever*; *You needn't have*).
- Interrogación (*Wh- questions*; *Aux. Questions*; *Says who? Why on earth did she say that?*; tags).
- Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous*; *present perfect simple and continuous*; *past perfect simple and continuous*); presente (*present simple and continuous*); futuro (*present simple and continuous + Adv.*; *will be + verb+ ing*; *will + perfect infinitive* (*simple and continuous*)).
- Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present and past simple/perfect*; *and future continuous*); habitual (*simple tenses (+ Adv.)*; *used to*; *would*); incoativo (*start/begin by +verb+ing*); terminativo (*cease +verb+ing*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*it takes/holds/serves...*); posibilidade/probabilidade (*will*; *likely*; *should*; *ought to*); necesidade (*want*; *take*); obriga (*need/needn't*); permiso (*may*; *could*; *allow*) intención (*be thinking of +verb+ing*).

- Expresión da existencia (e. g. *there must have been*); a entidade (*count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic, reciprocal, one(s); determiners*); a cualidade (e. g. *bluish; nice to look at*).
- Expresión da cantidade: *Number* (e. g. *some twenty people; thirty something*). *Quantity*: e. g. *twice as many; piles of newspapers; mountains of things*. *Degree*: e. g. *extremely; so (suddenly)*.
- Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).
- Expresión do tempo (*points* (e. g. *back then; within a month; whenever*), *divisions* (e. g. *fortnight*), *and indications* (e. g. *earlier/later today/in the year*) of time; *duration* (e. g. *through(out) the winter; over Christmas*); *anteriority* (*already; (not) yet; long/shortly before*); *posteriority* (e. g. *later (on); long/shortly after*); *sequence* (*to begin with, besides, to conclude*); *simultaneousness* (*just then/as*); *frequency* (e. g. *rarely; on a weekly basis*).
- Expresión do modo (*Adv. and phrases of manner*, e. g. *thoroughly; inside out; upside down, in a mess*).
- Uso de conectores.
- Have/get causative.
- Phrasal verbs.
- Gerund and infinitive.
- A inversión.

## 4. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA DE 2º BACH.

### Comprensión de textos orais:

- Comprende os puntos principais e algúns detalles de mensaxes orais, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos.
- Comprende o esencial en conversas formais e informais e identifica as ideas principais e información relevante de presentacións ou noticias.
- Distingue trazos sonoros, acento, ritmo e entoación en contextos variados e identifica a súa intención comunicativa.

### Producción de textos orais:

- Realiza presentacións orais breves e ensaiadas e responde a preguntas sinxelas, utilizando estruturas sinxelas e con léxico adecuado á tarefa.
- Participa en intercambios comunicativos en contextos habituais con algunha interferencia da L1 e uso correcto, na súa maioría, do acento na palabra.
- Faise entender en conversas nas que participa con gramática adecuada con algún erro do seu nivel.

### Comprensión de textos escritos:

- Identifica a información relevante de instrucións, indicacións ou normas.
- Comprende o sentido xeral e detalles específicos de textos en diferentes soportes.
- Comprende o esencial de mensaxes e correspondencia de carácter formal e informal en diferentes soportes.
- Entende as ideas principais de textos xornalísticos, literarios ou de ficción en diferentes soportes.

### Producción de textos escritos:

- Aplica estratexias de produción para redacción, adecuándose ao tema proposto.
- Escribe distintos tipos de textos e correspondencia formal e informal breve axeitada ao seu nivel (texto narrativo, argumentativo, de opinión ou descritivo, biografías, cartas formais ou informais, e resumos de textos) con información relevante, utilizando un léxico adecuado para o nivel, con algún erro ortográfico ou de puntuación.
- Usa formato correcto e ben estruturado, coherencia, distintos nexos e gramática adecuada, con algúns erros propios do seu nivel, pero non graves ou básicos ou que impidan a comprensión.

### Elementos sintácticos-discursivos

- tenses: present simple; present continuous; past simple; past continuous; present perfect simple (just, already, yet, since, for,...); present perfect continuous; past perfect simple and continuous:

simple condicional; perfect condicional; expresión of future (be, going to, will, present continuous, present simple); future perfect; future continuous. Usos, similitudes e diferenza entre eles.

- defining e non-defining relative clauses (pronomes e adverbios de relativo: usos, omisións e diferenzas entre ambas.
- clauses of time (when, until, as soon as,...)
- clauses of purpose ( so as to, in order to,...)
- contrast (however, in spite of, although,...)
- result clauses (so...that, such / such a/an...that,...)
- conditional clauses (real, unreal, imposible, mixed) + unless, as long as, providing,...
- wish + past simple / wish + past perfect / wish + would: diferencias.
- passive e passive with reporting verbs (they are thought to be...)
- causative use of have e get
- phrasal verbs baseados nos que figuran no libro de texto de 1º e 2º de Bacharelato
- reported speech e outros verbos introdutores (accept, agree, apologise, ask, beg, insist,...)
- verbs + inf / verbs + -ing
- uso de xerundio como suxeito dunha oración
- uso da inversión suxeito-verbo
- participial adjectives (-ing, -ed)
- prefixos e sufixos para a formación de adxectivos
- léxico activo
- spelling rules
- list de verbos irregulares

A todo isto haberá que engadir o estudado en cursos anteriores.

## 5. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS

### 5.1 SECUENCIACIÓN

#### 5.1.1 REVIEW: FASHION

##### a) OBTXECTIVOS DIDÁCTICOS E COMPETENCIAS

- Os alumnado será quen de:
- Aprender e practicar o léxico relacionado coa roupa e familiarizarse con algúns “phrasal verbs” utilizados para falar dela.
- Identificar información específica nun texto sobre deseño de vestuario para películas
- Entender e usar correctamente aspectos verbais como o continuo, o simple e o perfecto de tempos presentes e pasados.
- Entender e usar correctamente “used to” e “would” para expresar hábitos realizados no pasado.
- Entender e usar correctamente distintas formas de futuro, incluíndo o futuro perfecto e continuo.
- Usar correctamente cláusulas e expresións de tempo
- Escribir un correo electrónico informal.

##### b) CONTIDOS

#### Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir

##### Reading

- Deducción, a partir do título, do tema principal do texto sobre deseño de vestuario para películas antes da súa lectura.
- Lectura do texto para a obtención de información global e específica de cara a contestar as preguntas propostas.
- Localización de sinónimos no texto.
- Lectura detaiada dun blog para fixérense en aspectos concretos como a estrutura, o tipo de tempos utilizados ou o vocabulario
- Lectura dun texto sobre ciencia e moda para elixir as opcións de tempo correctas.
- Lectura de dunha serie de oracións e decidir a súa orde para formar unha historia con lóxica.
- Lectura de sentencias sobre a preparación de exames para decidir o tipo de destreza que intentan avaliar.

##### Speaking

- Descrición de fotografías de roupa, utilizando os adxectivos propostos.
- Debate acerca das películas co vestuario máis memorable.

- Preguntas e respostas por parellas sobre o que levan posto, que tipo de roupa adoitan levar...
- Pronuncia de palabras rematadas en “-d” ou “-ed”.
- Debate sobre as súas técnicas de preparación de exames.

#### Listening

- Audición de catro monólogos para identificar o tipo de roupa que mencionan distintos falantes e a elección da pregunta, de entre catro posibles, que corresponde á resposta dada.
- Audición do texto sobre vestiario para películas para extraer información xeral e específica.
- Audición dunha conversa nunha tenda de roupa para elixir as opcións de vocabulario correctas.

#### Writing

- Chuvia de ideas (brainstorming) cun compañeiro/a sobre o tema do texto “Lights, Camera, Costumes”
- Resposta a preguntas plantexadas sobre o texto, utilizando palabras propias.
- Elaboración dun diálogo nunha tenda de roupa, respectando a estrutura e vocabulario indicados.
- Redacción dun e-mail a un amigo, de entre 120 ou 140 palabras, sobre algún suceso acaecido durante o verán seguindo a estrutura indicada.

### Bloque 2: Coñecemento da lingua

#### Estruturas comunicativas

- Presente simple para falar de rutinas, feitos e “general truths” e sucesos programados para o futuro.
- Presente contínuo para accións temporais, accións que están a suceder no momento e para expresar irritación por accións que se repiten.
- Pasado simple para accións completadas, unha serie de accións pasadas e hábitos e estados pasados.
- Pasado contínuo para accións en progreso nun momento dado pasado.
- “Will” para decisións espontáneas e predicións xerais.
- Presente contínuo para plans confirmados.
- “Used to” e “would”
- Cláusulas de tempo
- Futuro continuo e futuro perfecto

#### Vocabulario

- Léxico relacionado coa roupa, phrasal verbs e adxectivos para describila.

### Bloque 3: Aspectos socioculturais e consciencia intercultural



- Uso das formas lingüísticas adecuadas para expresar as situacións de comunicación expostas.
- Reflexión sobre a relevancia do vestiario na produción de películas.
- Reflexión sobre a importancia da moda na sociedade actual.
- A aparición de tecidos intelixentes
- Aprendizaxe para unha correcta preparación dos exames.

### 5.1.2 UNIT 1: THE MEDIA

#### a) OBJECTIVOS DIDÁCTICOS E COMPETENCIAS

O alumnado será quen de:

- Extraer información global e específica de mensaxes orais e escritos sobre temas relacionados cos medios de comunicación.
- Comprender a diferenza de aspectos verbais como o continuo e o simple.
- Expresar e saber distinguir conceptos de cantidade e saber distinguir entre o uso do artigo determinado e o indeterminado.
- Comprender, memorizar e usar correctamente o léxico relacionado cos medios de comunicación.
- Comprender, memorizar e usar correctamente o uso de infinitivos, xerundios e verbos con cambio de significado.
- Comprender e usar con corrección tempos narrativos: past simple and past perfect (simple and continuous) and present perfect (simple and continuous)
- Saber estruturar e redactar un texto narrativo utilizando as técnicas suxeridas.

#### b) CONTIDOS

##### Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir

###### Reading

- Lectura do texto, "I can't believe it", sobre medios de comunicación e a veracidade das súas historias.
- Localización no texto de sinónimos para as definicións propostas.
- Obtención de información específica para contestar ás preguntas propostas.
- Lectura dun blog sobre un presentador de radio.
- Lectura dun texto sobre historia dos medios para completar coa forma verbal adecuada.
- Lectura dun texto sobre Internet e medios de comunicación sociais.

###### Speaking

- Debate dalgúns aspectos relacionados co mundo dos medios de comunicación..
- Elaboración dunha presentación co tema "Teens and media".

- Facer e responder a preguntas sobre os medios.
- Intercambio de opinións sobre a veracidade das historias que aparecen nos medios de comunicación sobre personaxes públicos.
- Falar sobre o uso que o alumnado fai das redes sociais.

#### Listening

- Audición de catro monólogos para identificar o tipo de medio de comunicación que mencionan distintos falantes e a elección da pregunta, de entre catro posibles, que corresponde á resposta dada.
- Audición do texto “I can’t believe it”, sobre medios de comunicación e a veracidade das súas historias para extraer información xeral e específica.
- Audición dunha conversa sobre medios de comunicación para comprobar opcións de vocabulario correctas.
- Audición dun texto sobre Twitter e outras redes sociais para extraer información xeral e específica.

#### Writing

- Escribir un texto narrativo dunhas 120 – 140 palabras cun uso axeitado de tempos narrativos e conectores
- Reescribir oracións coas palabras propostas de xeito que o significado non cambie (Transformacións)

### Bloque 2: Coñecemento da lingua

#### Estruturas comunicativas

- Uso do pasado (simple and continuous), “present perfect” (simple and continuous) e past perfect (simple and continuous)
- Adverbios utilizados con tempos perfectos e o pasado simple

#### Vocabulario

- Léxico relacionado cos medios de comunicación.
- Léxico usado en presentacións.
- Utilizar verbos e expresións seguidos de infinitivo con e sen “to”, xerundio e verbos que presentan cambios de significado.

### Bloque 3: Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

- Uso das formas lingüísticas axeitadas para expresar as situacións comunicativas expostas.
- O papel dos medios de comunicación tradicionais e dixitais.
- A importancia de comprobar a veracidade das historias nas noticias.

- Familiarización con distintos aspectos das redes sociais, xornalismo e Twitter.

### 5.1.3 UNIT 2: JUSTICE

#### a) OBOXECTIVOS DIDÁCTICOS E COMPETENCIAS

O alumnado será quen de:

- Extraer información global e específica de mensaxes orais e escritos sobre textos que teñen como tema principal problemas de criminalidade e procesos legais.
- Entender, memorizar e usar correctamente o léxico relacionado coa delincuencia e o sistema xudicial.
- Entender, memorizar e usar correctamente adxectivos con preposición e adxectivos compostos.
- Entender e usar correctamente modais de obrigación e necesidade, posibilidade e certeza.
- Describir e comparar fotos oralmente.
- Escribir un artigo de opinión.
- Usar técnicas de preparación de exames de “reading” e “listening”

#### b) CONTIDOS

##### Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir

###### Reading

- Predición do contido do texto mediante unhas imaxes e lectura do texto para comprobar se a predición era correcta.
- Lectura dun texto sobre series de televisión relacionadas coa delincuencia e novelas policíacas
- Localización de sinónimos ou expresións similares..
- Localización no texto de sinónimos para as definicións propostas.
- Lectura dun texto sobre roubo de identidade en Internet para completar con modais.
- Lectura dun texto con datos relevantes sobre prisións.
- Lectura dun diálogo sobre un proceso criminal para elixir a palabra adecuada das dúas propostas.
- Lectura dun texto sobre a normativa para Internet.

###### Speaking

- En parellas ou en grupos, discutir si as prisións son efectivas na prevención de delitos.
- En parellas ou en grupos, comentar sobre as súas series de TV ou novelas policíacas favoritas.
- Preparar e practicar un diálogo sobre delitos.
- En parellas ou grupos, falar das medidas que deberían adoptarse coa xente que comete determinados delitos.

- Describir ou comparar dúas fotos en detalle.
- Intercambio de información sobre un delito coñecido, ou suceso de actualidade.

#### Listening

- Audición de catro monólogos para identificar o tipo de delito que mencionan distintos falantes e a elección da pregunta, de entre catro posibles, que corresponde á resposta dada.
- escoita dunha entrevista na radio sobre agresións con arma branca.
- Realización dunha segunda audición para elixir a opción adecuada. (multiple choice)

#### Writing

- Uso de “adverb intensifiers” (absolutely, really...)
- Respostar a preguntas relacionadas co texto “Whodunnit” sen copiar e utilizando outras palabras.
- Aprender o uso de conectores de causa e efecto.
- Reescribir oracións coas palabras propostas de xeito que o significado non cambie (Transformacións)
- Redacción dun artigo de opinión.

### **Bloque 2: Coñecemento da lingua**

#### Estructuras comunicativas

- Modais de obriga e necesidade en presente e pasado.
- “must” para obriga interna e “have to” para obriga externa.
- Modais de posibilidade e certeza en presente e pasado.
- Conectores de causa e efecto.

#### Vocabulario

- Léxico relacionado con delitos e investigación criminal.
- Adxectivos con preposicións e adxectivos compostos.
- Léxico utilizado para comparar e describir fotos.

### **Bloque 3: Aspectos socioculturais e consciencia intercultural**

- Aplicación de formas lingüísticas aprendidas.
- Coñecemento de puntos de vista diversos sobre aspectos sociais próximos
- Intercambio de opinións.
- A popularidade de series de TV e novelas policíacas .
- Uso responsable e seguro das redes sociais.

- Os perigos do roubo de identidade en Internet.
- Respecto pola autoridade e a lei, aos outros e outras culturas.

#### 5.1.4 UNIT 3: HEALTH

##### a) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E COMPETENCIAS

O alumnado será quen de:

- Entender, memorizar e usar correctamente vocabulario, frases feitas e “phrasal verbs” relacionados coa saúde, hábitos de vida saudables e enfermidades así como adxectivos e sufixos.
- Extraer información global e específica de mensaxes orais e escritos sobre como vencer enfermidades..
- Entender e usar correctamente a voz pasiva con tempos presentes, pasados e futuros, verbos modais e “reporting verbs”.
- Extraer información específica de mensaxes orais sobre o aumento no “turismo de saúde”
- Expresar acordo ou desacordo, pedir opinións e reaccións, e exemplos.
- Escribir un texto argumentativo. (“For and against”)
- Utilizar os recursos adquiridos para reflexionar sobre o proceso de aprendizaxe.
- Usar técnicas de estudo axeitadas para superar un exame de composición.

##### b) CONTIDOS

#### Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir

##### Reading

- Lectura dun texto sobre como vencer enfermidades.
- Localización no texto de sinónimos para as definicións propostas.
- Obtención de información específica para elixir entre as opcións presentadas (“multiple choice”)
- Lectura dun texto sobre a conveniencia de impartir Educación Física nos colexios para completar coa forma pasiva ou activa correcta.
- Lectura dun folleto informativo sobre malaria.
- Lectura dun texto argumentativo sobre a conveniencia de ensinar primeiros auxilios nos colexios.

##### Speaking

- Debate en parellas ou grupos sobre a conveniencia de impartir hábitos de vida saudable nos colexios.
- Conversación en grupo sobre tratamentos recomendados en certas enfermidades.
- Preguntas e respostas sobre hábitos de vida saudables.
- Debate en parellas ou grupos sobre o contacto humano que se establece diariamente.

- Debate en parellas ou grupos sobre a conveniencia de viaxar a outro país para conseguir tratamento médico.
- Práctica por parellas ou grupos, expresando acordo ou desacordo, pedindo opinións e exemplos.

#### Listening

- Audición de catro monólogos para identificar hábitos de vida saudable que mencionan distintos falantes e a elección da pregunta, de entre catro posibles, que corresponde á resposta dada.
- Exercicio para completar un texto sobre xente que fala da última vez que estivo enferma e posterior audición para comprobar as solucións.
- Audición dunha entrevista nun programa de radio sobre turismo médico ou de saúde da que haberá que obter información xeral e específica.
- Escoita dun diálogo para determinar o tema de que se está a falar e posteriormente identificar formas coas que expresar acordo ou desacordo.

#### Writing

- Estudo e uso correcto de expresións para estruturar un texto argumentativo
- Reescribir oracións coas palabras propostas de xeito que o significado non cambie (Transformacións).
- Estudo e uso correcto de conectores de adición e contraste
- Redacción dun texto argumentativo

### Bloque 2: Coñecemento da lingua

#### Estruturas comunicativas

- A voz pasiva
- A voz pasiva con “reporting verbs”.
- Uso causativo de have / get.

#### Vocabulario

- Léxico relacionado coa saúde, enfermidades e os hábitos de vida saudable.
- “Phrasal verbs”
- Sufijos usados para adxectivos.
- Sufijos usados para sustantivos
- Frases usadas para expresar acordo ou desacordo, pedir opinións, reaccións e exemplos ilustrativos.

### Bloque 3: Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

- Intercambio de opinións sobre saúde e enfermidades, o seu tratamento e a súa prevención.

- Uso das formas lingüísticas adecuadas para expresar as situacións de comunicación propostas.
- Consellos de técnicas de primeiros auxilios..
- Coñecemento do aumento do turismo médico ou de saúde como fenómeno da actualidade.

#### 5.1.5 UNIT 4: SHOPPING

##### a) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E COMPETENCIAS

- Entender, memorizar e usar correctamente vocabulario, frases feitas, “phrasal verbs” e sufixos relacionados coas compras.
- Extraer información global e específica de mensaxes orais e escritos sobre “marketing” e técnicas de venta.
- Entender e usar correctamente as oracións condicionais, formas alternativas de dicir “if” e expresar desexos no presente, queixas e pesar ou remordementos por accións pasadas.
- Extraer información dun texto para comprobar a súa comprensión e buscar sinónimos utilizando o texto como referente.
- Poder expresar condicións en distintos contextos e situacións.
- Ser conscientes e aprender dos erros feitos e ser capaz de localizar eses erros e ofrecer a versión correcta.
- Extraer información específica de mensaxes orais sobre tendencias nas compras.
- Explicar e persuadir.
- Escribir un resumo.
- Aplicar técnicas para superar un exame de “speaking”.

##### b) CONTIDOS

#### Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir

##### Reading

- Introducción ao tema principal da unidade “shopping” por medio da presentación de léxico relacionado nun exercicio de “multiple choice”.
- Lectura dun texto sobre marketing e técnicas de venta.
- Lectura de tres anuncios breves.
- Lectura dun texto sobre a actividade dos comerciantes MUJI e AMAZON
- Lectura dun texto sobre o grupo social e medioambiental “The Compact” , elixindo os tempos adecuados para completalo.
- Lectura dun texto sobre o mercado londinense “Brick Lane” para completar co léxico estudado no tema.

### Speaking

- En parellas, facer e responder preguntas sobre “shopping”.
- Intercambio de información sobre as compras tradicionais e as “online”.
- Preparación dun diálogo sobre “shopping”.
- Debate sobre si “smartphones” e “tablets” cambiarán os nosos hábitos consumistas.
- Conversación sobre hábitos de compra, rebaixas, ofertas e gangas para practicar o léxico aprendido e expresar opinións.

### Listening

- Audición de catro monólogos sobre hábitos de compra para identificar o léxico utilizado por distintos falantes e a elección da pregunta, de entre catro posibles, que corresponde á resposta dada.
- escoita da lectura “Sell, sell, sell”
- Segunda escoita da audición para extraer información específica.
- Audición dunha conversa sobre compras para comprobar opcións de vocabulario correctas.
- escoita dun programa de radio sobre hábitos de compra online e tradicional.
- escoita dun diálogo para determinar se os falantes están de acordo ou desacordo coas ventas online e identificar formas utilizadas para explicar e persuadir.

### Writing

- Aprender como facer un resumo correcto, usando palabras propias e incluíndo palabras clave.
- Reescribir oracións coas palabras propostas de xeito que o significado non cambie (Transformacións)
- Elaboración dun resumo dunhas 45 palabras.

## Bloque 2: Coñecemento da lingua

### Estruturas comunicativas

- Conditional Clauses (zero, 1<sup>st</sup>, 2<sup>nd</sup>, 3<sup>rd</sup>, mixed)
- As conxuncións que introducen as oracións condicionais.
- “I wish”, “If only”

### Vocabulario

- Léxico utilizado por compradores e dependentes, “Phrasal verbs” e relacionado co tema de “shopping”.
- Sufijos para substantivos.
- Frases utilizadas para explicar e persuadir.



**Bloque 3: Aspectos socioculturais e consciencia intercultural**

- Intercambio de opinións sobre a importancia de marketing e técnicas de venta para conseguir éxito no mundo empresarial.
- Uso das formas lingüísticas axeitadas para expresar as situacións de comunicación propostas.
- Coñecemento do grupo social e medioambiental “The Compact”.
- Achegamento ás novas formas de compra online, ao grupo Nipón de ventas MUJI e a tenda online AMAZON.

**5.1.6 UNIT 5: TRAVEL****a) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E COMPETENCIAS**

- Entender, memorizar e usar correctamente vocabulario, “phrasal verbs” e nomes compostos relacionados con viaxes e vacacións. Prefixos e verbos seguidos de preposicións.
- Extraer información global e específica de mensaxes orais e escritos sobre o pracer das viaxes en avión.
- Entender e usar correctamente o estilo indirecto en sentencias, preguntas, ordes, peticións e suxestións co uso de distintos verbos.
- Extraer información específica de mensaxes orais sobre o choque cultural.
- Discutir opcións, pedir que outros falen, facer suxestións, expresar entusiasmo e alcanzar acordos.
- Escribir un artigo de opinión.
- Ser consciente dos erros cometidos, ser capaz de proporcionar unha versión correcta.

**b) CONTIDOS****Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir****Reading**

- Introducción ao tema principal da unidade (Travel) mediante preguntas sobre fotos.
- Lectura dun texto sobre o pracer das viaxes en avión.
- Lectura dun breve texto sobre unha muller que deu a volta ao mundo a pe.
- Lectura dun texto sobre compra de souvenirs e substitución dalgúns frases por sinónimos.
- Lectura dunha composición sobre viaxes organizados e viaxes por libre.

**Speaking**

- En parellas ou grupos, intercambiar información sobre experiencias reservando medios de transporte online.
- Elaboración en parellas ou grupos dun diálogo sobre viaxes

- Debater e falar sobre se os turistas deberían pagar un imposto medioambiental.
- Facer e responder preguntas sobre viaxes e vacacións e experiencias negativas ou positivas.
- Debate en parellas ou grupos sobre a conveniencia de viaxar a outro país para estudar.
- Práctica por parellas ou grupos, discutindo opcións, pedindo que outros falen, facendo suxestións, demostrando entusiasmo e alcanzando acordos...

#### Listening

- Audición de catro monólogos sobre destinos, persoas e vacacións para identificar o léxico utilizado por distintos falantes e a elección da pregunta, de entre catro posibles, que corresponde á resposta dada.
- escoita da lectura "The joy of air travel"
- Segunda escoita da audición para extraer información específica.
- Audición dunha conversa sobre consellos para viaxeiros para comprobar opcións de vocabulario correctas.
- Audición dunha entrevista na radio sobre choque cultural.

#### Writing

- Respostar a preguntas relacionadas co texto "The joy of air travel", sen copiar e utilizando palabras propias.
- Redacción dunha serie de consellos para turistas que veñan visitar o país.
- Reescribir oracións coas palabras propostas de xeito que o significado non cambie (Transformacións)
- Redacción dun artigo de opinión utilizando léxico e conectores adecuados.

### Bloque 2: Coñecemento da lingua

#### Estruturas comunicativas

- As diferenzas entre "say" e "tell" como verbos introdutores.
- Estilo indirecto (Sentencias, preguntas, ordes, peticións e suxestións)
- Distintas estruturas usadas no estilo indirecto.

#### Vocabulario

- Léxico asociado aos diferentes tipos de vacacións e destinos.
- Verbos asociados con viaxes.
- Prefixos.
- Verbos con preposicións.
- "Reporting verbs"

- Frases usadas para falar sobre viaxes.
- Léxico utilizado en debates, suxestións, expresión de entusiasmo, acordos e peticións.

### **Bloque 3: Aspectos socioculturais e consciencia intercultural**

- O crecemento do transporte aéreo.
- O problema do choque cultural cando se vive nun país estranxeiro.
- As viaxes por libre en contraposición ás viaxes organizadas.
- Coñecemento e revisión de xeografía.
- Respecto polos inmigrantes e sensibilización hacia os seus problemas.
- Valoración do traballo dos compañeiros/as e aceptación da crítica constructiva feita ao traballo producido.

#### **5.1.7 UNIT 6: WORK**

##### **a) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E COMPETENCIAS**

- Entender, memorizar e usar correctamente vocabulario, “phrasal verbs” e sinónimos e antónimos relacionados co mundo do traballo, así como palabras facilmente confundibles.
- Extraer información global e específica de mensaxes orais e escritos sobre universidade e traballo.
- Entender e usar correctamente as oracións de relativo “defining” e “non-defining”, incluíndo a omisión dos pronomes relativos e unha puntuación correcta, e oracións de relativo con preposición.
- Identificar información específica relativa á búsqueda de traballo nunha audición.
- Escribir unha carta de presentación.
- Escribir unha carta formal.

##### **b) CONTIDOS**

#### **Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir**

##### Reading

- Lectura dun test sobre a forma de traballar.
- Lectura dun texto sobre universidade e traballo para extraer información global e específica sobre o mesmo.
- Procura de sinónimos e expresións similares ás que aparecen no texto.
- Lectura dun texto sobre estrés asociado a posto de traballo para completar.
- Lectura dunha carta formal para futuros estudantes universitarios.
- Lectura dunha carta de presentación.

- Lectura da introdución dunha audición para predicir o tema.
- Lectura de anuncios de traballo e unha carta de solicitude dun posto.

#### Speaking

- En parellas ou grupos, discutir cualidades necesarias no traballo.
- En parellas ou grupos, discutir a conveniencia dun traballo cun bo salario, que non se disfruta ou un traballo mal pagado pero placentero.
- Debater o tipo de traballo que lle cadraría a unha persoa despois de escoitar a súa carta de presentación.
- Facer e responder preguntas sobre o mundo laboral e postos de traballo.
- Discutir as vantaxes de cursar estudos universitarios.
- Facer una presentación como candidato a un posto de traballo.
- Falar sobre a disposición a aceptar un traballo pouco común.

#### Listening

- Audición de catro monólogos sobre as cualidades precisas para un posto de traballo para identificar o léxico utilizado por distintos falantes e a elección da pregunta, de entre catro posibles, que corresponde á resposta dada.
- Escoita da lectura "University or Work?"
- Segunda escoita da audición para extraer información específica.
- Audición dunha conversa sobre consellos profesionais para comprobar opcións de vocabulario correctas.
- Audición dun programa de radio sobre a búsqueda dun posto de traballo pouco frecuente.

#### Writing

- Reescribir oracións coas palabras propostas de xeito que o significado non cambie (Transformacións)
- Practicar a estruturar unha carta formal.
- Revisar e aprender a utilizar conectores de causa e efecto, adición e contraste e "sequence".
- Escribir unha carta formal solicitando un posto de traballo.

### **Bloque 3: Coñecemento da lingua**

#### Estruturas comunicativas

- Oracións de relativo: "Defining" e "Non-Defining relative clauses"; pronomes e adverbios relativos: usos, omisións; oracións de relativo con preposición.

#### Vocabulario

- Léxico relacionado co mundo laboral.
- Expresións idiomáticas relacionadas co mundo laboral e cartas de presentación.
- Palabras facilmente confundibles.

### **Bloque 3: Aspectos socioculturais e consciencia intercultural**

- Posta en práctica das formas lingüísticas aprendidas para expresar as situacións comunicativas propostas.
- Adquirir conciencia das cualidades necesarias no lugar de traballo.
- Coñecemento do sistema universitario no Reino Unido e o proceso de solicitude dunha praza.
- Reflexión sobre o problema de estrés asociado a un posto de traballo.
- Aceptación das opinións manifestadas polos demais compañeiros/as sobre distintas formas de vida ou filosofía da vida.
- Intereses propios e demostrar a comprensión dos mesmos mediante a realización dunha tarefa

## **5.2 TEMPORALIZACIÓN**

AVALIACIÓN	UNIDADES
Primeira	Starter-2
Segunda	3-4
Terceira	5-6

## 6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Creemos que para conseguir os obxectivo marcados debemos:

- a) **Impartir as clases en inglés, incluídas as explicacións gramaticais** xa que o feito de que o alumno se vexa mergullado na lingua que está a aprender, potencia que as palabras que se lle activan na mente sexan nesa lingua e que o oído se acostume a dita lingua. Somos conscientes de que algúns grupos da ESO, onde o alumnado amosa unha baixa exposición á lingua inglesa, e o alumnado de 1º de BACH procedente doutros centros nun principio encontran dificultades para se expresar en inglés e para seguir as explicacións, polo que teremos que ser máis flexibles.
- b) **Evitar no posible a “enseñanza maxistral”**, especialmente no que se refire ás explicacións gramaticais. Cando dicimos “no posible” é por saber que hai estruturas, temas gramaticais, conceptos, etc, que son máis difíciles de pór en práctica dende un punto de vista funcional. De todos xeitos o que pretendemos é que xurda a necesidade de utilizar unha determinada estrutura, un determinado tempo verbal e propiciar a situación para que o alumnado sinta esa necesidade.
- c) **Potenciar a aprendizaxe de novos coñecementos** que lles permitan a enfrontarse a situacións novas. Creemos que é máis produtivo axudar aos alumnos a ver cales son os principios organizativos dunha lingua e os seus compoñentes para que estes lles sirvan para organizar e asimilar toda a información que reciben e canalizar a regras pola que se rexe a nova lingua. De aí que consideremos importante crear situacións nas que o alumno sinta a necesidade de recorrer á seu bagaxe de coñecementos , e outras nas que o alumno non sexa capaz de resolver o problema proposto e xurda a dúbida e a necesidade de utilizar algo que aínda non está no seu rexistro. Por exemplo, ao comezo dunha unidade na que existe un tema novo, sería conveniente que o profesorado pedira ao alumnado que tente ver que é novo, que cren poder expresar, etc.
- d) **Pór todos os medios** para que os coñecementos adquiridos **non** sexan obxecto de **esquecemento**. Para tal fin a práctica debe ser máis intensiva nunha primeira fase para pasar a ser máis variada e espazada en fases posteriores de tal xeito que teremos que:
  - **Volver sobre o xa estudado**. Temos que conseguir que sexan conscientes de que os coñecementos que adquiren no son compoñentes illados, senón facerlles ver como uns se imbrican nos outros para formar parte dun todo e como o estudado con anterioridade vaise expandindo.
  - Axudar ao alumnado a **descubrir como aprende** e de que maneira pode desenvolver e potenciar as estratexias para aprender..
  - Axudar ao alumnado a que estableza **similitudes e diferenzas** entre a materia nova e a xa estudada e interiorizada para poder refinar conceptos, aprender a discriminar e incorporar eses conceptos á súa estrutura cognoscitiva. A este respecto, cremos que a **formulación de preguntas** e a **verbalización de conceptos** é moi útil xa que permite descubrir se o estudado foi ben comprendido. Este tipo de exercicio é moi útil tanto na clase diaria como en controis, exames...

- Axudar ó alumno a **autocorrixirse**. A aprendizaxe é un proceso continuo e o erro forma parte inevitable da mesma. De aí que a corrección de erros forme parte inevitable da mesma xa que axuda ó alumnado a potenciar a súa capacidade e análise á vez que a consolidar os seus coñecementos. As veces o problema estriba, non tanto na equivocación como na inseguridade que o alumno experimenta cando descoñece como funciona o mecanismo. De aí que consideremos de gran importancia que o alumno aprenda a saber autocorraxirse (mediante un “Correcting Code” que se lles proporciona ao comezo do curso para que poida saber que tipo de erros cometeu), a aceptar a corrección e a opinión doutros alumnos da aula.

IES David Buján

## 7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

### RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO:

“INITIATIVE 2” (STUDENT’S) (Ed.Macmillan)

### OUTROS MATERIAIS

Ademais do libro de texto, o Departamento utiliza material fotocopiado de distintas editoriais, material dixital, CDRoms interactivos, DVDs de material didáctico, dicionarios en papel e on-line, VocApp, xogos didácticos, cancións, “fichas” de reforzo elaboradas polo departamento, interacción con “Abalar” e as webs de Oxford, Cambridge, Macmillan e Burlington.

### LIBROS DE USO PARA O ALUMNADO

En cada aula hai unha gramática con teoría, exercicios e solución aos mesmos para uso do alumnado. No Bacharelato hai un dicionario monolingüe e dous bilingües.

Na biblioteca do centro, hai libros de referencia, de lectura, algúns con CD para uso do alumnado, que tamén ten á súa disposición dicionarios bilingües, monolingües e en soporte dixital.

No Departamento hai revistas con material auditivo a disposición do alumnado.

### MATERIAL ESCOLAR MÍNIMO REQUERIDO PARA O ALUMNADO

O alumnado precisa:

Un caderno (aconsellamos que non sexa moi pequeno). O ideal sería un caderno grande / clasificador con fundas plásticas para archivar as fotocopias entregadas.

Bolígrafos e lapis + goma de borrar e tñpex / algún marcador

Dicionario bilingüe (a escoller entre distintas editoriais: Oxford, Cambridge, Longman, MacMillan,... )

Dicionario monolingüe en cursos superiores (bacharelato)



## 8. AVALIACIÓN

### 8.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación é continua polo que, agás no referente ao alumnado coa materia pendente, non haberá recuperacións. A materia é de contidos progresivos; é dicir acumulativa, o que non implica que un alumno que obteña un 5 no exame correspondente á 3ª avaliación necesariamente supere a materia xa que para poder ser avaliado conceptual e procedimentalmente de xeito positivo, o alumnado terá que:

- Demostrar que posúe un certo dominio e equilibrio nas distintas destrezas que ten que resolver ao longo do curso. Este dominio terá que verse reflectido nas probas que ten que realizar ao longo de cada avaliación; de tal forma que as distintas partes deberán estar compensadas. O feito de obter unha cualificación moi baixa nunha delas determinará que o alumno non poida ser cualificado de xeito positivo.
- Evitar a reiteración de erros de base (por exemplo, un alumno que está a cursar 2 BACH e que cometa erros de estruturas ou vocabulario básico que xa debería dominar de cursos anteriores, será penalizado.).
- Ter entregado, na data fixada, os traballos solicitados polo profesorado, traballar na aula e na casa, participar na clase e utilizar a lingua estranxeira para comunicarse dentro da aula.
- Acadar un 5 despois de achar a media ponderada das notas das tres avaliacións (Ver o apartado 8.3 *Criterios de Cualificación*)

### 8.2 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os exames e controis son unha etapa máis no proceso de aprendizaxe e son algúns dos instrumentos dos que o profesorado fará uso para comprobar que o alumnado é capaz de utilizar o aprendido durante o curso.

#### 8.2.1 EXAMES

Os exames e controis son unha etapa máis no proceso de aprendizaxe e son algúns dos instrumentos dos que o profesorado fará uso para comprobar que o alumnado é capaz de utilizar o aprendido durante o curso.

Haberá un exame por avaliación que, no apartado de “cloze” será o mesmo para todo o alumnado dun mesmo nivel. Estes exames constarán de tres partes na 1ª e 2ª avaliación que en **2º de Bacharelato** son:

- a) **Transformations + vocabulary +“clozes”** (exercicios situacionais), nos que o alumnado terá que demostrar a súa capacidade para entender un texto escrito e completar os espazos en branco en distintos contextos.
- b) **Listening** (Comprensión oral), mediante o que o alumnado terá que demostrar que entende un texto oral e que é capaz de seleccionar a resposta adecuada no caso dun exercicio de “multiple choice”, *verdadero/falso*, responder por escrito a preguntas abertas ou completar unhas frases.

- c) **Reading Comprehension** (exame de ABAU). Proba encamiñada a familiarizarse co exame de ABAU e que inclúe un exercicio de comprensión e expresión escrita.

Na 3ª avaliación engádese

- d) **Speaking** (Expresión oral)

### 8.2.2 CONTROIS

Haberá controis que poderán ser sen previo aviso, aínda que algúns deles (verbos, conxugación, etc.) serán anunciados con antelación, especialmente cando queiramos incidir nun determinado aspecto. Estes controis faranse cunha periodicidade que poderá variar segundo o ritmo do curso. O contido dos mesmos poderá ser de carácter variado: xa sexa explicar a forma e uso dun determinado tempo verbal; explicar o uso dunha determinada estrutura; completar unha situación curta na que se incida en aspectos puntuais, etc. Preténdese deste xeito intentar que o alumnado sexa consciente do importante que é o seu avance progresivo e leve a materia ó día.

### 8.2.3 OUTROS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Exercicios de expresión escrita- “writings” -que o profesorado da materia planifica e que o alumnado terá que desenvolver unhas veces na aula, outras fóra da mesma.
- Tarefas sinaladas polo profesorado da materia, tanto dentro coma fóra da aula (exercicios do libro de texto, exercicios elaborados para practicar, ...)
- Actitude positiva na aula, colaboración e participación activa.
- Respecto polos prazos sinalados para a entrega do material.
- Uso da lingua inglesa para expresarse na aula e posibles probas orais.

\*O profesorado especificará, nos distintos niveis, os requisitos que, dentro do marco xeral da Programación, o alumnado deberá cumprir á hora de entrega de traballos, asemade informará do peso específico

## 8.3 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O alumnado terá dende o principio do curso unhas pautas para poder saber como se cualifica un exercicio de “cloze” (exercicio situacional), outorgándolle a cada oco unha puntuación que vai de 1” ata “3” .

As cualificacións dos apartados referentes a vocabulario e transformacións dependerán da dificultade intrínseca dos mesmos, podendo variar dende “1” ata “3”.

Asemade ensínaselles a corrixir os exercicios de “writing” e outros mediante un “correcting code” (siglas polas que se lles indica cal é o erro cometido)

O alumnado deberá superar as distintas probas de verbos irregulares e conxugación. Consideramos que é un requisito mínimo imprescindible para poder expresarse na lingua estranxeira.

Os exames de avaliación representarán o 70% da cualificación total de cada avaliación: o 30% restante será un indicador do traballo realizado polo alumnado: exames, probas orais, writings e outros traballos

sinalados. Non se repetirán exames ao alumnado que falte a eles, salvo por enfermidade o por causa maior debidamente documentadas con xustificante médico ou oficial, que deberán ser presentados ao titor ou titora.

2º BACHARELATO- exames de avaliación			
1ª e 2ª avaliación		3ª avaliación	
Cloze + Transformations + Vocabulary + Exercises	40%	Cloze + Transformations+ Vocabulary + Exercises	30%
Reading Comprehension (exame tipo ABAU)	40%	Reading Comprehension (exame tipo ABAU)	40%
Listening	20%	Listening	15%
		Speaking	15%

**A nota final da avaliación final ordinaria do curso será o resultado da media ponderada das notas das tres avaliacións:**

1ª avaliación: 10% da nota final do curso.

2ª avaliación: 30% da nota final do curso.

3ª avaliación: 60% da nota final do curso.

Consideramos que, no que respecta aos exames ou outras probas, o alumnado deberá acadar un mínimo de 5 e amosar un equilibrio entre as distintas destrezas para poder ser cualificado de xeito positivo. Calquera apartado que o alumnado deixase en branco, considerarase unha mingua de cara a unha cualificación positiva.

#### **AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA**

No tempo entre a avaliación final ordinaria e fin de curso, levaranse a cabo actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría. Prestarase especial atención a aqueles alumnos/-as que non teñan superado a materia; estes disporán de material de repaso para traballar en casa pola súa conta. Haberá unha proba extraordinaria para o alumnado que non teña superado a materia e a avaliación desta será única e definitiva na avaliación final extraordinaria.

Os contidos dos exames de Xuño están baseados en mínimos e constan de:

Reading Comprehension (ABAU)	40%
Clozes + Vocabulary + Transformations + Exercises	30%
Speaking	15%
Listening	15%

Se o alumnado supera a proba de expresión oral na terceira avaliación parcial, poderá elixir manter esa nota no apartado correspondente da proba final; de elixir facela de novo, só se terá en conta a puntuación obtida nesa última convocatoria convocatoria.

#### **PENDENTES DE 1º BACHARELATO**




Clozes + Vocabulary + Transformations	60%
---------------------------------------	-----

Writing	30%
Listening	10%

Se o alumnado supera a proba de expresión oral en Maio pero suspende a materia, poderá elixir manter esa nota na convocatoria extraordinaria de Xuño; de elixir presentarse de novo, só se terá en conta a puntuación obtida nesa convocatoria extraordinaria.




### 8.4 RÚBRICA PROBA ORAL

Para avaliar ao alumnado na súa competencia oral, utilizamos unha rúbrica que explicita os criterios de avaliación e que se lles proporciona previamente para que sexan quen de entender a nota obtida segundo o traballo realizado.

SCORE	0	0,5-1 	1,5- 2 	2,5- 3 
COHERENCE/ ABILITY TO COMMUNICATE	No response / Spoken in another language. Insufficient information to score	Significant mistakes understanding questions. Little presence of connectors or some of them incorrectly used. Difficult to understand	The student organizes ideas quite correctly. There is not enough use of connectors but correctly used. Expressive student, easy to understand	The ideas are correctly organized and the student uses connectors in an appropriate way. Excellent communication skills
PRONUNCIATION	Unintelligible. Insufficient information to score	The pronunciation is rarely correct, with many errors.	Pronunciation with some errors.	Clear, almost error-free pronunciation. Appropriate use of intonation
ACCURACY	Errors that distort meaning. Insufficient information to score	Poor, basic grammar with frequent errors and significant mistakes.	Most grammatical structures are basic but used accurately.	Moderately strong grammatical structures used accurately and correctly.
FLUENCY	No fluency or refusal to speak; insufficient information to score or unintelligible	Does not speak fluidly. There are frequent short and long breaks. The student's voice is too low or too slow.	Speaks somewhat fluidly. Some short or a few long breaks but they don't interfere with communication	Speaks fluidly, few to no breaks. Not too slow, not too fast. The student uses fillers. The volume is appropriate.
VOCABULARY	A few isolated words with no comprehensible phrases. Insufficient information to score	Basic/limited use of vocabulary. Errors in word choice.	Varied but basic vocabulary. Limited mistakes acceptable	Varied vocabulary and expressions. Good use of collocations, adjectives and adverbs.

### 8.5 RÚBRICA PROBA ESCRITA

Seguemos o mesmo procedemento cos exercicios e probas de escritura.

SCORE	2.5 	1.5 	1 	0
CONTIDO	O contido é moi relevante e garda relación co que se pide na tarefa, ampliando a información cando é necesario. A extensión é a correcta. O formato se	O contido é relevante na súa maior parte e proporciona os datos mínimos que se lle piden. A extensión está lixeiramente por enriba ou por debaixo do	Só algunhas partes do texto son relevantes. A extensión está moi por enriba ou por debaixo do esixido (20%). O formato non se axusta ao tipo de texto na maior parte da	O contido non é relevante e non garda relación co que se pide na tarefa. O tema está cambiado do que se propón na tarefa. A extensión non é

	axusta ao tipo de texto.	esixido. Unha parte do texto non se axusta ao formato.	tarefa.	suficiente para avaliar. O formato non se axusta ao tipo de texto.
<b>COHERENCIA E COHESIÓN</b>	Todo o texto presenta unha organización lóxica e a utilización adecuada de conectores, signos de puntuación e división en parágrafos.	A maior parte do texto presenta unha organización lóxica e fluída. A utilización de conectores propios do nivel, signos de puntuación e división en parágrafos ás veces non é adecuada (escasa ou en demasía)	Só algunhas partes do texto presentan unha organización lóxica e a utilización adecuada de signos de puntuación. Apenas se utilizan conectores e a división en parágrafos non é adecuada.	O texto non presenta unha organización lóxica e a utilización de signos de puntuación non é a adecuada. Carece de conectores. Non amosa división en parágrafos.
<b>GRAMÁTICA</b>	O texto é gramaticalmente correcto e presenta unha riqueza de estruturas adecuadas ao nivel.	A maior parte do texto é gramaticalmente correcto. Pode aparecer algún erro puntual e razoable que non impide a comprensión global.	Unha grande parte do texto presenta erros gramaticais non propios do nivel pero que fan difícil a comprensión global.	Os erros gramaticais impiden a comprensión do texto. Erros moi graves e frecuentes en estruturas básicas.
<b>VOCABULARIO</b>	O texto presenta unha riqueza e variedade de vocabulario propio do nivel. Fai uso de paráfrases cando non coñece algún termo.	A maior parte do texto presenta riqueza de vocabulario aínda que recorra puntualmente a léxico máis básico ou á repetición.	Utiliza un vocabulario demasiado básico para o nivel, repite moito e/ou amosa interferencia da lingua 1 nalgúns termos, o cal ás veces pode dificultar a comprensión.	Non domina vocabulario básico propio do nivel, o cal impide a comprensión do texto. Escribe palabras na lingua 1 ou fai uso do Spanglish.

## 9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Revísanse os obxectivos e contidos recollidos na programación nas reunións do departamento coa finalidade de adecualos á realidade da aula e de manter un ritmo de aprendizaxe común nos distintos grupos. A memoria final recolle sempre as posibles modificacións introducidas na programación ao longo do curso e os motivos para introducilas.

Os profesores avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente; incluímos a continuación unha plantilla cos indicadores de logro e os elementos a avaliar:

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			RESULTADO
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Programación didáctica.	Non se adecúa ó contexto da aula.	Adecúase parcialmente ó contexto da aula.	Adecúase completamente ó contexto da aula.	
Medidas de atención á diversidade.	Non se adoptaron medidas de atención á diversidade adecuadas.	Identificáronse as medidas de atención á diversidade a adoptar.	Adoptáronse medidas de atención á diversidade adecuadas.	
Temas transversais.	Non se traballaron tódolos temas transversais na materia.	Traballáronse a maioría dos temas transversais na materia.	Traballáronse tódolos temas transversais na materia.	
Obxectivos da materia.	Non se alcanzaron os obxectivos da materia establecidos.	Alcanzáronse parte dos obxectivos da materia establecidos para o curso.	Alcanzáronse os obxectivos da materia establecidos para este curso.	
Competencias clave.	Non se desenvolveron a maioría das competencias clave relacionadas coa materia.	Desenvolvéronse parte das competencias clave relacionadas coa materia.	Logrouse o desenvolvemento das Competencias clave relacionadas con esta materia.	
Práctica docente.	A práctica docente non foi satisfactoria.	A práctica docente foi parcialmente satisfactoria.	A práctica docente foi satisfactoria.	
Materiais e recursos didácticos	Os materiais e recursos didácticos non foron os adecuados.	Os materiais e recursos didácticos foron parcialmente adecuados.	Os materiais e recursos didácticos foron completamente adecuados.	

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			RESULTADO
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Distribución de espazos e tempos	A distribución dos espazos e tempos non foi adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	A distribución dos espazos e tempos foi parcialmente adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	A distribución dos espazos e os tempos foi adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	
Métodos didácticos e pedagóxicos	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados non contribuíron á mellora do clima da aula e do centro.	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron parcialmente á mellora do clima na aula e do centro.	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron á mellora do clima da aula.	
Resultados da avaliación	Os resultados da avaliación nesta materia non foron satisfactorios.	Os resultados da avaliación nesta materia foron moderados.	Os resultados da avaliación nesta materia foron satisfactorios.	

## 10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Proporciónase a todo o alumnado coa materia pendente material baseado nos contidos da materia.

### EXAMES DE PENDENTES DE BACHARELATO

Dividirase a materia nas partes correspondentes ás probas parciais que se fagan durante o curso. Aquel alumnado que non fora cualificado de xeito positivo no 1º exame ou non se presentase ao mesmo, poderá superar a materia se supera o seguinte parcial. O alumnado que non superase a materia por parciais poderá presentarse a un exame global a modo de recuperación.

Os contidos dos exames de pendentes están baseados en mínimos e constan de:

Clozes + Vocabulary + Transformations	60%
Writing	30%
Listening	10%

Materia do exame global: ao ser a lingua estranxeira unha materia con contidos progresivos, incluírá todos os contidos mínimos do libro de texto correspondente ao nivel non superado, é dicir, dende a unidade 0 ou 1 ate o final.

### CRITERIOS PARA SUPERAR A MATERIA PENDENTE

Para que o alumnado coa materia pendente poida ser avaliado de forma positiva valorarase que:

- Acade un mínimo de 5 e exista un equilibrio positivo nos distintos apartados nas probas que realice.
- Se observe unha clara evolución positiva.
- Exista unha actitude positiva no curso de referencia.

\*Os exames de pendentes serán supervisados por todos os membros do departamento antes da súa cualificación.



## 11. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS NO CASO DE CAMBIO DE IDIOMA NO BACHARELATO

Según RESOLUCIÓN do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, e no seu artigo 20,

*“O alumnado que no segundo curso de bacharelato desexe cambiar o idioma da materia primeira lingua estranxeira poderá incorporarse ás ensinanzas da lingua estranxeira II coa autorización do/da director/a do centro e sempre que curse simultaneamente a materia de primeiro curso. A solicitude de cambio á dirección do centro realizarase no momento da matrícula e, en calquera caso, antes do inicio das actividades lectivas do segundo curso.”*

Non obstante e para comprobar si o alumno ou a alumna reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo, estes poderán presentarse a unha proba antes do inicio das actividades lectivas. Dita proba incluírá comprensión e expresión oral, expresión escrita e un apartado que demostre o seu coñecemento da lingua.

## 12. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE PUIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación inicial aplícase ao comezo do proceso de ensinanza e aprendizaxe da materia. De esta forma detéctase a situación de partida dos alumnos e as medidas a adoptar. Cada grupo realiza unha proba diagnóstica que consiste en:

- Proba de coñecementos sintáctico-discursivos
- Exercicio de produción escrita
- Proba de audición

A partir da información acadada, adaptaranse aspectos da programación da aula para adecuala aos coñecementos xerais do grupo, con adaptacións, axustes o implementacións do programa.

Tras unha avaliación inicial pódese chegar a constatar que algúns alumnos poden ter importantes dificultades para acadar os obxectivos educativos da área. Establécense entón no noso centro adaptacións non significativas en **programas de apoio** que permiten aos alumnos con problemas acceder aos aprendizaxes. Planifícanse propostas educativas diversificadas de procedementos, metodoloxía e avaliación e adáptanse as actividades pero sobre o mesmo tipo de contido.

As medidas a adoptar tras os resultados serían:

- Secuenciacións de obxectivos e contidos previstos en función dos perfiles dos alumnos
- Afianzamento dos contidos mínimos
- Favorecemento do desenvolvemento das competencias claves.
- Aspectos metodolóxicos: traballos cooperativos, priorización dos procedementos.
- Tarefas secuenciadas en pequenos pasos e distintos niveis de dificultade. Variedade de tarefas e actividades, orais, escritas, creativas, abertas e favorables a distintos ritmos de aprendizaxe. Actividades de reforzo e ampliación.
- Organización: ubicación de distintos tipos de distribución en función do tipo de actividade a realizar. Distintos espazos, agrupamentos e actividades dentro da aula; agrupamentos heteroxéneos e homoxéneos; tutorización entre iguais, traballos en grupos pequenos, fomento de experiencias de aprendizaxe cooperativo.
- Temporalización: previsión de tempos en función dos ritmos de aprendizaxe, con tempo para traballos en pequenos grupos, para atención individualizada, etc.
- Fomento do uso de materiais que atendan á diversidade da aula con apoio visual, motivador, etc. Deben ser variados: libros de consulta, textos, exercicios de reforzo e ampliación, gráficas, mapas, material audiovisual...

- Adaptacións nos procedementos e instrumentos de avaliación; uso de diversos instrumentos: análises de tarefas, observación sistemática, cadernos, probas escritas e orais, priorizando a auto corrección e a auto avaliación; e que sirvan tanto para avaliación formativa como sumativa.

IES David Buján

## 13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Unha vez realizada unha proba de diagnóstico inicial e detectado o nivel do alumnado, poderase adoptar unha serie de medidas no que respecta aos distintos ritmos de aprendizaxe. Os distintos niveis das actividades permiten que o alumnado se adapte ao seu nivel e que atope tanto actividades de nivel básico como actividades de ampliación de contidos.

Esta diversidade de exercicios e actividades utilizados no material do curso fai posible que tódolos alumnos atopen algún que se adapte ó seu estilo de aprendizaxe. Por exemplo, os enfoques indutivo e dedutivo que se adoptan para o estudo da gramática proporcionan formas diferentes de acceder a un mesmo contido, e, segundo o seu estilo individual de aprendizaxe, os alumnos beneficiaranse dun ou doutro enfoque.

En canto aos ritmos de aprendizaxe, unha gran cantidade de actividades permite que os que o necesiten dispoñan de actividades de ampliación ou de reforzo. Así, as unidades de repaso do Workbook proporcionan unha variedade de actividades de reforzo; as historias opcionais do Student's Book, pola súa parte, axudarán os alumnos máis adiantados a afondar nas destrezas básicas.

Procurarase que:

- Haxa actividades deliberadamente sinxelas que garanten que tódolos alumnos sexan capaces de realizar algunha actividade con éxito. Isto é moi importante para os alumnos máis lentos, xa que contribúe a aumenta-la confianza en si mesmos como aprendices de linguas estranxeiras.
- A profesora proporcione actividades de ampliación para alumnos que terminan antes o seu traballo, así coma pistas para a explotación dos proxectos e das historias, atendendo sempre ás necesidades que mostran os alumnos, e permitindo que cada un traballe de acordo co seu ritmo e nivel lingüístico.
- As actividades sexan variadas atendendo tanto á forma de abordar un contido (por indución, dedución ou comparación coa lingua materna), como pola duración das actividades, de xeito que os alumnos poidan traballar ó seu propio ritmo.
- Os recursos didácticos sexan abundantes, tanto bibliográficos coma audiovisuais; utilizaranse diferentes enfoques que acerquen e capten aos alumnos por diferentes vías
- Se potencie a mestura de niveis no traballo por parellas e grupos, de xeito que o *cooperative learning* contribúa á consecución da tarefa final e ao respecto pola diversidade. As metodoloxías activas deben apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativo, de xeito que, a través da resolución conxunta das tarefas, los membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas por os seus compañeiros e podan aplicarlas a situacións similares.

Adaptación Curricular Individualizada (ACI): As posibles adaptacións curriculares estarán precedidas dunha avaliación das necesidades educativas especiais do alumnado e a conseguinte proposta curricular específica. Realizaranse conxuntamente co Departamento de Orientación e buscando o máximo desenvolvemento das competencias básicas de acordo coas posibilidades do alumnado. A avaliación e a promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas adaptacións.

## 14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O currículo oficial que recolle coñecementos relativos a conceptos, procedementos e actitudes, promove o desenvolvemento de novas actitudes e valores e, o suficientemente flexible como para recoller as necesidades formativas características dunha sociedade pluralista e en constante cambio. Neste senso, o currículo, que debe dar resposta, entre outros aspectos, a “que” e “como” ensinar, contén un conxunto de ensinanzas que, integradas nos distintos currículos, o impregnan.

Este carácter integral do currículo implica a incorporación de elementos básicos contidos nas “ensinanzas transversais”, ensinanzas que responden a situacións patentes no ámbito social e que inciden na dimensión ética e persoal de interese común, non só ós membros integrantes da comunidade escolar, senón o conxunto das sociedades.

Dende este punto de vista, estas “ensinanzas transversais” entran no campo da “Educación de Valores”, valores, tanto importantes para o desenvolvemento persoal do alumnado como para un proxecto de sociedade libre e pacífica; unha sociedade respectuosa cara ás persoas, animais, e cara á natureza no seu conxunto.

Non debemos esquecer que a presenza dunha linguaxe sensible aos valores debe estar intimamente ligada a cuestións didácticas e metodolóxicas das “Ensinanzas Transversais”; polo que unha linguaxe igualitaria, aberta, flexible e respectuosa deberá estar presente de xeito continuado na actividade docente.

A metodoloxía e enfoque educativo do Departamento de Lingua Inglesa, polo seu carácter intrínseco de realidades alleas ao medio cotiá, permite recoller a totalidade dos temas transversais e facer que estes estean presentes no desenvolvemento de cada unidade didáctica.

Ademais das competencias, en cada unha das unidades os libros de texto elixidos examínanse distintos aspectos socioculturais, actitudes e temas transversais por medio de varios tipos de actividades. Dentro da **educación en valores**, trátanse distintos campos: Educación moral e cívica, Educación para a saúde, Educación para a paz, Educación para a igualdade, Educación do consumidor e Traballo cooperativo na aula. Deste xeito, ensínaselle ao alumno, non só a aprender unha lingua, senón tamén a valorar e a respectar outras culturas, contribuíndo así ao seu desenvolvemento como seres humanos.

Non obstante, consideramos que os seguintes temas transversais, pola súa idiosincrasia, que fai que estean presentes nos libros de texto de todos os niveis, poden ser tratados cunha maior intensidade.

- Educación para a paz e a tolerancia
- Educación Moral e Cívica
- Educación para a igualdade de ambos os dous sexos
- Educación para o consumidor
- Educación para a saúde
- Educación ambiental
- Educación para a multiculturalidade

## EDUCACIÓN PARA A PAZ E A TOLERANCIA

Obxectivo xeral: aprender actitudes básicas para unha convivencia libre, democrática, solidaria e participativa.

Valores e actitudes:

- Comprensión, aceptación e respecto cara ós demais.
- escoita e diálogo como medios para crear un clima propicio para o desenvolvemento das relacións interpersoais.
- Afectividade nas relacións interpersoais.
- Interese pola diversidade.
- Apertura e flexibilidade ante as opinións dos outros.
- Toma de conciencia dos problemas de violencia e inxustiza existentes.
- Rexeitamento da violencia en todo tipo de situacións e conflitos.
- Desenvolvemento da autonomía persoal e da autoafirmación.
- Confianza nas propias capacidades para afrontar problemas e conflitos.

Obxectivos didácticos:

- Descubrir e valorar as propias capacidades como medios eficaces para contribuír ó desenvolvemento harmónico da vida.
- Desenvolver a afectividade no encontro coas persoas que nos rodean.
- Reflexionar sobre as situacións de conflito que poidan presentarse tentando de solucionarlas de forma creativa e non violentas mediante a mediación.
- Coñecer e potenciar os dereitos humanos e a solidariedade.
- Respetar a todas as persoas e en concreto aos compañeiros da clase con independencia da súa nacionalidade ou orixe cultural; recoñecendo, ademais, que a multiculturalidade pode ser un elemento de enriquecemento social.

## EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

Obxectivos didácticos:

- Mostrar interese participando activamente na clase e seguindo correctamente as instrucións do profesor.
- Aceptar os gustos e preferencias ( cousas favoritas ) dos demais.
- Mostrar interese e elevar críticas positivas sobre os traballos ( pósters, presentacións... ) que realizan os compañeiros.

## EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE DE AMBOS OS DOUS SEXOS

Obxectivo xeral: Desterrar o tratamento discriminatorio que sofren as persoas en función do seu sexo ou de calquera outra circunstancia considerada como discriminatoria.

Valores e actitudes:

- Autonomía e independencia no exercicio das nosas potencialidades persoais por encima de calquera tipo de prexuízo sexista.
- Actitude crítica e de rexeitamento ante os prexuízos e estereotipos sexistas que se producen na sociedade e, en especial divulgados nos medios de comunicación.
- Rexeitamento de todo tipo de actitudes sociais discriminatorias.
- Valoración positiva da diversidade de orientacións sexuais.

Obxectivos didácticos:

- Descubrir e potenciar as capacidades persoais sen deixarse influír por condicionantes de carácter sexista.
- Ser capaces de identificar e de realizar unha análise crítica das manifestacións sexistas e discriminatorias que se produzan na linguaxe.
- Participar de forma solidaria e construtiva nas actividades de grupo
- Descubrir e interpretar a diversidade como elemento enriquecedor.

## EDUCACIÓN PARA O CONSUMO

Obxectivo xeral: dotar ó alumnado de instrumentos de análise crítica fronte ás ofertas da sociedade de consumo.

Valores e actitudes:

- Valoración do traballo de transformación dos recursos naturais
- Actitude responsable e crítica fronte a todo tipo de suxestións ou incitación ao consumo
- Uso responsable dos recursos.
- Actitude crítica ante as informacións e as mensaxes publicitarias.

Obxectivos didácticos:

- Coñecer, valorar e respectar os recursos naturais.
- Ser capaces de ler e interpretar de xeito crítico as estratexias de venda e as mensaxes publicitarias.
- Recoñecer e sentirse sensibilizado ante os problemas das persoas que carecen dos ben de consumo básico.

## EDUCACIÓN PARA Á SAÚDE

Obxectivo xeral: potenciar actitudes que permitan unha mellor calidade de vida.

Valores e actitudes:

- Desenvolvemento da autoestima e da confianza nun mesmo.
- Aceptación das posibilidades e limitacións do propio corpo.
- Actitude de respecto e de coidado cara ó propio corpo.
- Actitude de esforzo para adquirir hábitos de vida saudables.
- Toma de conciencia da responsabilidade que temos sobre a nosa propia vida e saúde.
- Comprensión e solidariedade cos grupos considerados “marxinais” por falta de saúde física ou psíquica.

Obxectivos didácticos:

- Sensibilizar ao alumnado para que participe de xeito responsable na xestión da propia saúde.
- Descubrir e interiorizar a propia realidade sexual.
- Reforzar á autonomía e autoestima para a construción dun proxecto de vida saudable.
- Descubrir as riquezas das relacións interpersoais.
- Desenvolver a sensibilidade ante as persoas que padecen calquera tipo de doenza ou minusvalía.
- Coñecer as distintas organizacións que traballan contra a marxinación contra todo tipo de enfermidades e na promoción da saúde e o desenvolvemento dos pobos.

## **EDUCACIÓN AMBIENTAL**

Obxectivo xeral: capacitar ó alumnado para a comprensión das relacións co medio no que están inmersos e para dar resposta de forma solidaria e participativa ós problemas do medio ambiente, entendendo como tal, non só a flora senón a fauna.

Valores e actitudes:

- Respecto cara ás diferentes manifestacións da vida.
- Toma de posturas coherentes a favor do medio ambiente.
- Toma de postura coherente en contra da crueldade cos animais domésticos.

Obxectivos didácticos:

- Espertar o interese e solidariedade polo medio ambiente desenvolvendo unha actitude de responsabilidade para protexelo e melloralo.
- Tomar conciencia da posible incidencia das propias actitudes e comportamentos habituais no equilibrio do entorno.
- Tomar conciencia das asociacións defensoras e protectoras da fauna e flora.



- Mostrar interese cara a problemas medio ambientais e polas posibles accións (especialmente as individuais) que se poderían levar a cabo como solución a estes.

### **EDUCACIÓN PARA A MULTICULTURALIDADE**

Obxectivo xeral: adquirir unha cultura de referencia europea para poder ser ampliada á unha cultura universal.

Valores e actitudes:

- Comprensión, aceptación e respecto cara ás demais culturas.
- Apertura e flexibilidade ante ás contribucións dos países membros da comunidade europea e daqueles que non forman parte da mesma.
- Aceptación do intercambio de costumes, ideas,...distintas.
- Apertura e dispoñibilidade para o traballo cooperativo.
- Apertura e dispoñibilidade para o intercambio no mercado de traballo.

Obxectivos didácticos:

- Desenvolver a conciencia de identidade europea e de cidadanía do mundo cos seus valores, dereitos e obrigas.
- Preparar para a cooperación cívica, tecnolóxica e profesional entre os países europeos, en primeiro termo, e entre o resto dos países do mundo.
- Familiarizarse coa xeografía, historia, lingua e institucións dos países europeos e ser capaces de contrastar aspectos duns países cos outros para poder establecer similitudes e diferenzas.
- Fomentar a necesidade de comunicarse e de se facer entender.

## 15. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PROXECTO LECTOR

Ao impartir o ensino dunha lingua estranxeira, o noso departamento tamén está directamente relacionado co Proxecto Lector. A maioría dos obxectivos xerais desta área están dirixidos, en todos os niveis de ensino, a fomentar a lectura e a expresión oral e escrita, do mesmo xeito que os seus contidos, que se dividen en habilidades comunicativas (escoitar, falar, conversar, ler e escribir) e reflexións sobre a lingua. Desde o departamento promovemos o fomento do hábito lector como medio que contribúe, non só á ampliación de coñecementos da materia (estruturas, léxico,...) senón ao desenvolvemento persoal e social do alumnado.

Pretendemos que esta actividade estea estruturada en torno a unha serie de obxectivos xerais e específicos de cara ao desenvolvemento da competencia lectora.

No 1º e 2º ciclo da eso e 1º de BACHARELATO existen uns itinerarios lectores, o alumnado ten un libro adaptado en lingua inglesa que deberá ir lendo ao longo do curso. Procuramos escoller libros dos que exista unha versión audiovisual xa que comprobamos que a imaxe é unha boa ferramenta para despertar o interese pola lectura.

No 2º e 3º trimestre, o alumnado deberá facer un pequeno exame sobre o libro.

En 2º de BACHARELATO non hai ningún libro de lectura obrigatorio. Cremos que o alumnado deste nivel ten, nos seus libros de texto, material de lectura suficiente e capacidade para decidir se, de xeito voluntario queren ler algo a maiores. Gustaríanos salientar o feito de que nesta materia todos os libros de texto proporcionan material de lectura que abarca distintos tipos de texto (prensa, cartas, críticas de cine, narrativa,...) e distintas actividades sobre os mesmos.

En canto as tarefas sobre o libro/s non hai cualificación numérica. Pretendemos que o alumnado lea, non por o feito de ser avaliado por outra actividade máis, senón de ler para gozar e para seren conscientes de que a lectura vai redundar de forma positiva nos seus coñecementos da materia e do mundo no que está a vivir.

Asemade queremos facer constancia de que o fomento da lectura non só consiste en ler e marcar unhas tarefas sobre determinados libros. O desenvolvemento da competencia lectora abarca unha ampla rede de fontes e tipoloxías textuais en distintos soportes o que facilita e determina habilidades específicas de lectura.

## 16. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN TIC

No departamento de inglés o uso das Tecnoloxías da Información e Comunicación constitúe un elemento integrador e integrado no currículo xa que é un feito probado que favorece o desenvolvemento da competencia lectora, é unha ferramenta que esperta e promove a capacidade de manexar, contrastar e seleccionar información para fomentar unha capacidade crítica fronte a un mundo de posibilidades informativas e formativas, é un medio de comunicación e intercambio, ten un enfoque interactivo e pode facilitar a aprendizaxe do alumnado.

O alumnado pode, previo permiso e supervisión do profesorado, facer uso dos teléfonos móbiles nas clases de Inglés para realizar as tarefas que se encomendan (uso de dicionarios, léxicos e búsqueda doutra información que o profesor considere relevante) ou para aplicacións descargadas dende a *web-site* de varias editoriais con listas de vocabulario ou pronuncia entre outras.

Nas clases prácticas de desdobre, que teñen lugar cada semana, a metade do grupo dun nivel determinado traballa na aula de informática con programas que abarcan os contidos da materia e teñen acceso a outros programas, páxinas web, dicionarios,... que, dunha parte engloba toda a diversidade curricular, facilita a aprendizaxe e a autonomía do alumnado pola posibilidade de seguir o seu propio ritmo de traballo.

## 17. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN DE CONVIVENCIA

O plan de convivencia debería contemplar e desenvolver todos os aspectos normativizados nas N.O.F.

Serán importantes, entre outros aspectos:

- Xerar un ambiente escolar rico, libre, estimulante e de colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.
- Ademais da información das normas correctas de comportamento e respecto, informaremos aos alumnos dos mínimos esixibles e dos criterios de cualificación.
- Intentaremos reflexionar colectivamente sobre os problemas posibles ou suscitados, estimulando a comunicación entre os membros da comunidade, intentando sempre chegar a consensos razoables e suxeitos a norma.
- Crear un clima de respecto e colaboración á hora de facer traballo individual ou en equipo, así como de respecto e coidado co material colectivo e co mobiliario.
- Intentar detectar canto antes procesos de acoso na aula, xa sexa este de forma evidente ( con violencia ou insulto) ou ben de xeito máis sutil que teñen como orixe a pertenza a unha minoría étnica, ou relixiosa ou ben causado por eivas de orixe físico, diferencias motoras ou psíquicas.
- Combater e sancionar todo tipo de comportamento violento, lesivo e discriminatorio para o alumnado e profesorado.
- Aplicar as sancións pertinentes e establecidas por norma e protocolo cando proceda.
- Pasar ao Xade as faltas de asistencia.
- Manter información e comunicación constante entre o profesor e o titor. Informar de inmediato ao titor e facer chegar ás familias todo tipo de incidencias pertinentes canto a rendemento, comportamento, actitude, etc.
- Manter informadas ás familias e recabar delas información en casos puntuais.
- Falar co Departamento de Orientación sempre que proceda.

## 18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Os profesores de linguas poden desenvolver as competencias comunicativas mediante actividades que supoñan un estímulo, xa que unha lingua adquirese e domínase con maior facilidade cando se utilizan elementos que axudan ao labor comunicativo e intensifican o desexo de compartir e ampliar experiencias. Porén, aínda que noutros anos contamos cunha compañía teatral que viña interpretar obras de teatro en inglés, tivemos que deixar de facelo: o custe, a cargo do alumnado, e máis a obrigatoriedade de asistir o 60% de cada grupo facían inviable tal actividade. Non descartamos retomar esta actividade caso de que os niveis de participación sexan aceptables.

Para fomentar a Interculturalidade e a creatividade, levamos dous cursos organizando un concurso de fotos relacionadas co Samaín. O chamamos “*Scary Pictures Contest*”. Debido ao éxito sobre todo entre os máis pequenos, planeamos facelo este curso tamén.

Tamén, levamos anos participando nun intercambio de correspondencia en liña cun centro escolar de Estados Unidos. O curso pasado entrou na categoría de EduExchanges, con financiación pola Consellería de Educación. Esta actividade volverá levarse a cabo e estará aberta a tódolos niveis do centro, agás 2º bach.

## 19. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADO ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Realízanse reunións de departamento periódicas para analizar a elección de libros de texto e de traballo, e outro material didáctico; preparación de medios audiovisuais; a previsión de datas satisfactorias para a realización de probas e actividades, tanto ordinarias como extraordinarias, revisión dos exames de pendentes por parte de tódolos membros do departamento e análise de resultados.

Nestas reunións discútense eventuais propostas de revisión da programación didáctica en relación con novos grupos, novas ensinanzas, novos programas implantados no centro, axustes de secuenciación e temporalización dos contidos en xeral ou con referencia a un nivel ou etapa específica, etc.

Asemade, revísase a secuencia e temporalización dos contidos cando se dan circunstancias que o aconsellen, e alomenos unha vez por mes.

Asegurar que os instrumentos de avaliación son os axeitados, son coñecidos polo alumnado na súa estrutura e tipoloxía e que seu contido concorda ó 100% coa materia a avaliar.

Revísanse os obxectivos e contidos recollidos na programación coa finalidade de adecualos á realidade da aula e de manter un ritmo de aprendizaxe común nos distintos grupos. Ditos cambios quedarán resinados nas actas das reunións de departamento.

A memoria final recolle sempre as posibles modificacións introducidas na programación ao longo do curso e os motivos para introducilas.

## 20. PROCEDIMENTOS DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO E FAMILIAS

No primeiro día de clase, o profesor/-a explicará detalladamente os criterios de avaliación e cualificación ao alumnado.

Na páxina web do centro, pódese atopar esta programación didáctica cos criterios de avaliación que, deste xeito, poderá ser consultada por todos os membros da comunidade educativa.

Unha copia dos criterios de avaliación e os contidos mínimos colócase en todas as aulas no cortizo de información do alumnado.

IES David Buján

## 21. AFONDAMENTO

### Obxectivo

O afondamento adicarase fundamentalmente á práctica da comprensión oral e a expresión oral en contextos significativos a fin de aumentar as capacidades comunicativas do alumnado na lingua estranxeira.

Esta materia vai dirixida ao alumnado que desexe consolidar os coñecementos de Inglés adquiridos na materia de lingua estranxeira co fin de mellorar a súa competencia oral, incluíndo aqueles que desexen presentarse aos exames da Escola de Idiomas ou de Cambridge co fin de ter algún título ademais do título de Bacharelato ao completar a etapa.

O obxectivo básico desta optativa é ensinarlles a entender o inglés e a facerse entender en inglés. Insistirase especialmente na competencia oral, familiarizando ao alumno coas situacións comunicativas máis comúns. As estruturas gramaticais e o léxico aprendido haberán de contemplarse como punto de partida, para que o alumno poida desenvolverse de forma eficaz en situacións comunicativas habituais e cotiás. De ser necesario e dependendo das necesidades do grupo, poderíase adicar algunha sesión á práctica escrita, coma resumos e composicións, e práctica de exercicios de comprensión oral.

Traballarase sobre:

- Narracións orais de acontecementos ou experiencias persoais
- Descricións oral de imaxes conectadas con temas de actualidade.
- Presentacións orais sobre temas de actualidade o interés dos alumnos.
- Participación activa en discusións e debates sobre diversos temas.
- Expresións de opinións, argumentacións e contra-argumentacións.
- Resolución de problemas de forma cooperativa y toma de decisións en público sobre un tema específico.
- Escoita activa de textos adaptados ao nivel e que servirán de base para a realización de outras actividades.

### Metodoloxía

Sabemos que unha atención excesiva aos erros só crea estímulos negativos. Por iso prestarase atención ao ritmo de progreso de cada alumno, que depende das diferentes aptitudes, motivacións, estratexias cognitivas, etc. Daranse aos alumnos tarefas para realizar dentro do aula. Poñerase un énfase especial na adquisición de vocabulario e buscarase a corrección gramatical e fonética.

As novas tecnoloxías da información supoñen unha axuda eficaz na aprendizaxe dunha lingua. Non só se trata da utilización de internet con todas as posibilidades de audición en inglés real de moi distintos acentos; tamén hai infinidade de materiais ao alcance de profesores e alumnos, que son unha ferramenta moi adecuada para abrir ao alumno a outros mundos e culturas fomentando o seu interese.



**Materiais, textos e recursos didácticos**

Utilizaranse varias fontes: o seu libro de texto para esta materia (incluíndo o *Oral exam trainer*), audiacións, visionado de documentais, extractos de películas e televisión. Usaranse os novos medios tecnolóxicos, especialmente o ordenador con canón e a pizarra dixital.

**Procedementos e instrumentos de avaliación**

Utilizarase un sistema de rúbricas para medir o grado de consecución dos obxectivos e o logros dos alumnos

Haberá unha proba oral por avaliación baseada no tipo de exercicios orais practicados previamente, de xeito que o alumnado dispoña de experiencia á hora de afrontar este tipo de exames.

Outros procedementos de avaliación serán:

- Actitude positiva, colaboración e participación activa.
- Uso da lingua inglesa para expresarse na aula.

**Criterios de cualificacións**

O alumnado terá dende o principio do curso unha rúbrica para poder saber como se cualifica un exercicio oral.

A nota final acadada suporá unha mellora na súa nota final de Inglés 1ª lingua, en Xuño, de ata 1 punto, sempre e cando o alumno / alumna obtivera previamente nesa materia unha nota final igual ou superior ao 5.

## 22. ANEXO I (SOBRE PRÁCTICAS E DESDOBRES)

En 1º e 2º da ESO haberá unha profesora de desdobre unha vez á semana que reforzará as actividades orais e projects organizados pola profesora de referencia para ese día. Tamén, cada tres semanas, estes cursos contarán coa auxiliar de lingua estranxeira para traballar a competencia oral e aspectos culturais.

Nos niveis máis altos (3º e 4º de ESO, e 1º de BACH) divídense os grupos en dúas metades unha vez por semana: unha metade traballa na aula de informática con programas de ordenador axeitados aos distintos niveis, programas que permiten unha aprendizaxe autónoma, (sempre baixo as directrices do profesorado) e mediante os que se potencia a atención á diversidade. A outra metade queda na aula de referencia, traballando aspectos de “Listening Comprehension”, “Speaking” ou calquera outra actividade que se considere oportuna.

As prácticas de desdobre son flexibles dependendo dos niveis, actividades e da dispoñibilidade das aulas.

Neste senso, a presenza da figura dunha auxiliar de conversa, (tal e como tivemos os cursos anteriores) contribúe á unha maior diversidade de actividades e á unha mellor inmersión na lingua estranxeira.

Asdo. Felisa Soto Rego	Asdo. Helen Grela Rumbo	Asdo. Alejandro Gómez	Asdo. Rocío Moreno	Asdo. M <sup>a</sup> Dolores Martínez
------------------------	-------------------------	-----------------------	--------------------	---------------------------------------

Cambre, 21 de setembro de 2022